Resolución da Presidencia, do 14 de decembro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a transparencia e a segmentación da publicidade política (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2021) 731 final] [COM(2021) 731 final anexos] [2021/0381 (COD)] (SEC(2021) 575 final) { SWD(2021) 355 final} {SWD(2021) 356 final}

-11/UECS-000119 (26162) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a transparencia e a segmentación da publicidade política (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2021) 731 final] [COM(2021) 731 final anexos] [2021/0381 (COD)] (SEC(2021) 575 final) {SWD(2021) 355 final} {SWD(2021) 356 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 26162, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a transparencia e a segmentación da publicidade política (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2021) 731 final] [COM(2021) 731 final anexos] [2021/0381 (COD)] (SEC(2021) 575 final) {SWD(2021) 355 final} {SWD(2021) 356 final}

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:



1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión 1ª, Insitucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Advertido un erro por omisión no oficio de execución dos acordos da Mesa do día 9 de decembro de 2021, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Admisión a trámite e publicación

- 25715 (11/POP-003614)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar a casa de Rosalía de Castro na Coruña como ben público

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 6980**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización por parte do Goberno galego dalgún tipo de seguimento ás mulleres ás que se lles denega a prestación económica de carácter periódico para vítimas de violencia de xénero por razóns de incumprimento ou non-acreditación dalgúns dos requisitos das bases da convocatoria, co fin de emendar eses erros, e a previsión de establecer un protocolo interinstitucional para que ningunha muller vítima quede sen a prestación por razóns burocráticas”**, (publicada no BOPG número 104 do 1 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero son axudas económicas que teñen a natureza de subvencións públicas e que, polo tanto, están suxeitas na súa tramitación á normativa en materia de subvencións, tal e como así se establece na resolución pola que se convocan anualmente estas axudas. Neste senso é preciso sinalar que, se ben para a súa concesión non se establece un procedemento de concorrencia competitiva (non existe unha prelación entre as solicitudes), non obstante, a concesión debe tramitarse tendo en conta, en todo caso, os principios recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que entre outros establece os principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Deste xeito, mediante Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 1, de 2 de xaneiro), modificada a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG núm. 36, de 20 de febreiro), aprobáronse as bases reguladoras para a concesión da dita prestación periódica para mulleres que sofren violencia de



xénero, en cuxo artigo 5 se establecen os requisitos necesarios para poder ser beneficiaria destas axudas.

En consecuencia, da aplicación das bases reguladoras da subvención resulta que para a concesión das axudas é preciso que as persoas solicitantes cumpran uns determinados requisitos fixados obxectivamente, o cal da lugar, no caso de incumprimento, á denegación da subvención. Así o establece a propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo a cal só poderán ter a condición de persoas beneficiarias dunha subvención aquelas que 'se atope na situación que lexítima a súa concesión'.

Polo tanto, en ningún caso a causa de denegación das prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero obedece a un simple "problema burocrático", xa que nestes casos sempre se busca unha solución dentro do marco legal previsto na Lei de subvencións e na Lei reguladora do procedemento administrativo- como a posibilidade de corrección a través de requirimentos de emenda, ampliación de prazos nos casos establecidos, mellora voluntaria da solicitude, achega de documentación complementaria, etc-.

Os supostos nos que se denega a subvención son aqueles nos que quedou acreditado, despois da correspondente tramitación do expediente, que a persoa solicitante non cumpría algún ou varios dos requisitos obxectivos previstos no artigo 5 das bases reguladoras, que en ningún caso obedecen a simples 'problemas burocráticos', xa que neste último caso terían sido obxecto de emenda e corrección dentro do marco legal establecido para a tramitación do procedemento administrativo de subvención.

En relación ao requisito do artigo 5.1.b) das bases reguladoras, -Ter cesado a convivencia co agresor, ou coa persoa que mantiver sobre ela unha relación de



dominación, no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude', é preciso sinalar que a finalidade da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, de acordo co artigo 39 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (e que neste precepto mantén a redacción dada no ano 2007), é posibilitar que as vítimas rachen coa situación de dependencia económica respecto do agresor, que as obriga á convivencia con el e lles impide afrontar o seu futuro de maneira independente, e mais tentar axudalas a romper coa situación de violencia de xeito definitivo.

Respecto da flexibilización dos restantes requisitos, o 19 de decembro de 2018 foi aprobada no pleno do Parlamento de Galicia unha proposición non de lei pola que se insta á Xunta de Galicia a modificar a resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, previstas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, coa finalidade de crear un novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda superior a 1,5 veces o IPREM e menor ou igual a dúas veces o IPREM como punto de partida, engadindo situacións complementarias (menores a cargo, discapacidade e dependencia), xa recollidas nas bases reguladoras e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

Por último, en relación ao seguimento das mulleres ás que se lles denegou a prestación, cómpre sinalar que naqueles supostos nos que é previsible que se produza un cambio nas circunstancias persoais da muller, que dea lugar a que desapareza a causa obxectiva pola que se denegou a subvención, dende a Secretaría Xeral da Igualdade lévase a cabo a correspondente orientación e o conseguinte asesoramento para que, nestes casos, as mulleres poidan volver solicitar a axuda, xa sexa directamente se foron elas as que pediron a solicitude ou, no seu caso, remitíndoas



aos seus centros de referencia, cando xa foran previamente eses centros os que tramitaran solicitude inicial (servizos sociais dos concellos, Centros de Información ás Mulleres, etc), facilitándolles toda a información necesaria e os recursos dispoñibles ao seu alcance para volver a pedir a axuda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25685
Data envío: 30/11/2021 14:28:35.955

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:28:32

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9319**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de recuperación específico para a pesca artesanal e o marisqueo**”, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O plan de reactivación e dinamización do ámbito marítimo-pesqueiro, denominado Avantemar e dotado de cinco liñas distintas, pretende ser un programa xeral de apoio ao sector ante as importantes perdas acumuladas provocadas pola pandemia da Covid 19. Perdas que, ascenden a 25 millóns de euros en primeira venda, case 60 millóns de euros en perdas inducidas pola falta de actividade e máis de 500 millóns de euros no conxunto da cadea mar-industria.

Por iso, o Executivo galego considerou necesario en 2020 adoptar medidas de maneira urxente para que os profesionais do mar poidan superar as dificultades e volver á normalidade.

O programa de apoios deseñado pola Consellería do Mar, pretendeu atender a todos os sectores e subsectores e fai especial fincapé naqueles profesionais que non se ven beneficiados polas achegas e medidas deseñadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ao amparo da modificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). É o caso das embarcacións que mantiveron a súa actividade durante o estado de alarma para fornecer alimentos á cidadanía a pesar de que a actividade non era rendible.

Ademais dos barcos que paralizaron totalmente a súa actividade durante a crise da covid-19 - que contarán con achegas vía FEMP- o plan Avantemar conta con apoios para aqueles pesqueiros que seguiron faenando e que sufriron perda de ingresos. Beneficiáronse deles



aquelas embarcacións con porto base en Galicia inscritas no rexistro de buques pesqueiros de Galicia que no período comprendido entre o 14 de marzo e o 15 de maio do ano 2020 sufrisen unha caída na facturación superior ao 25% polas vendas efectuadas en lonxas de Galicia en relación á media obtidas no mesmo período dos tres exercicios anteriores.

Esta vía de apoio para a frota que permaneceu activa estivo dotada con máis de 7 millóns de euros, dispostos pola Xunta con fondos propios e a contía mínima a percibir por buque é de 500 euros e a máxima de 40.000 euros.

O plan tamén conta con achegas para as confrarías e entidades xestoras de lonxas que rexistraron perdas debido ao descenso dos seus ingresos durante o período comprendido entre o 14 de marzo e o 14 de maio en relación co mesmo período do ano anterior.

Para estas entidades dispúxose de 600.000 euros procedentes tamén de fondos propios do Executivo autonómico.

Entre os apoios que inclúe Avantemar para os profesionais, destacan os destinados a mariscadores e mariscadoras que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia debido ao peche da canle HORECA, a súa principal canle comercial, e que non puideron beneficiarse polo cesamento de actividade habilitado tras a declaración do estado de alarma. Para estes profesionais o plan contou con máis de 5 millóns de euros con fondo FEMP asignado a Galicia e con fondos propios. Ademais, para paliar os efectos de inactividade no colectivo de redeiras como consecuencia da covid-19, para este sector poxéronse a disposición apoios con fondos propios por valor de 400.000 euros.

Todas estas medidas e outras destinadas a empresas e profesionais enmárcanse na liña de Avantemar relacionada coa súa dinamización e a solvencia xeral, unha das cinco liñas que comprende esta ferramenta. As outras catro son a relacionada coa sustentabilidade, liquidez e financiamento xeral, onde se enmarca, por exemplo, a flexibilización de taxas; a que ten que ver coa adecuación e sostemento das actividades conexas, a relacionada coa reorientación do



sistema económico-comercial pesqueiro para adecuarse á situación social derivada da pandemia e por último a liña de adecuación e flexibilización administrativa.-

O Plan AVANTEMAR contou con 77 millóns de euros en 2020 para o complexo mar-industria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 10:29:43
Nº Rexistro: 25640
Data envío: 30/11/2021 10:29:43.236

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 10:29:39

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9678**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da falla de remuda xeracional no sector pesqueiro, as actuacións levadas a cabo nos últimos dez anos e as que está a desenvolver para paliala, así como a súa opinión respecto da adaptación da formación pesqueira que se está a impartir ás demandas do sector”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería do Mar apóstase por facer atractiva a actividade da cadea mar-industria ás novas xeracións a través da formación e das melloras de habitabilidade a bordo.

Neste senso, nos últimos dez anos saíron dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar máis de 1.700 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras con atribucións para exercer mando en buques de altura.

A media anual de matriculados medrou nun 60% nesta década, de xeito que se pasou dunha media de 301 matriculados entre 2005 e 2009, a 484 entre 2010 e 2020.

Así, dende a consellería do mar trabállase:

Para avanzar na promoción da remuda xeracional, xa que acadar a remuda xeracional e dispor de persoal formado e cualificado é un dos retos fundamentais que hoxe ten o sector marítimo-pesqueiro, especialmente na pesca de altura, tendo varias vías de traballo abertas para conseguir superalo.

En particular, séguese traballando por achegar a labor das escolas ao sector e por adecuar a



formación ás súas necesidades, cuestión apoiada nos orzamentos:

As contías asignadas á formación medraron nun 4,2% para 2020, o que fai que esta liña de actuación vexa incrementados os seus fondos nun 38% na pasada lexislatura.

Ademais, co maior orzamento dos últimos 10 anos, acometeranse novos proxectos que revaliden experiencias positivas coma a FP dual posta en marcha na Escola Náutica de Vigo e atenderase toda a demanda, de forma progresiva, sempre co obxectivo de seguir sumando novos titulados.

O obxectivo 2020-2024 é mellorar a habitabilidade e a seguridade dos barcos e a renovación da frota como condicións de mellora das condicións laborais imprescindibles para garantir o relevo xeracional no sector pesqueiro.

Aumentar o número de tripulantes dos barcos pesqueiros, afianzar a entrega de novos permex para o marisqueo son feitos que deben levarnos a redobrar a aposta, e na que dende a Consellería do Mar están a traballar desde hai tempo para asentar os alicerces.

Mellorar os barcos para axeitar as súas habilitacións e seguridade, así como traballar na conectividade con terra, son cuestión fundamentais.

Para adecuar os barcos, é precisa a renovación da frota para estes casos con axudas públicas do novo FEMPA. Pero ter barcos novos e adecuados non tería sentido sen ter o persoal formado e coa capacitación para facelos rendibles e competitivos.

De aí que dende a Consellería do Mar se promova a extensión dos programas de FP dual aos centros de Ribeira e IGafa, coa inclusión progresiva de novos proxectos en todos os ciclos e aumento dos alumnos e alumnas matriculados nos mesmos baixo esta fórmula.

Toda esta aposta ha de recollerse en detalle na redacción dun Ditame sobre a reforma da PCP a iniciar de cara a 2022 con propostas e demandas no eido social para conseguir esa axeitada remuda xeracional e un nivel digno de vida e ingresos.



O executivo galego segue a traballar para facer máis atractivo o sector pesqueiro para as novas xeracións con medidas como a petición de axudas europeas para a renovación da frota que permitan mellorar a habitabilidade e as condicións de traballo a bordo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:35:10
Nº Rexistro: 25497
Data envío: 26/11/2021 13:35:10.045

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:35:04

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **9826**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, co fin de exercer de xeito exclusivo as súas competencias en materia de pesca, así como o impulso e reforzo dos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, e de desenvolvemento e execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro, de conformidade co disposto nos artigos 27.15º e 28.5º, respectivamente, do Estatuto de autonomía de Galicia; inherentes a esas competencias están as de inspección e sanción, a tenor do disposto no seu artigo 37.3º.

Co propósito de asegurar o mantemento e desenvolvemento dos recursos pesqueiros do caladoiro nacional e o cumprimento da lexislación nacional e dos compromisos internacionais asumidos por España, o Ministerio do Interior e o de Agricultura, Pesca e Alimentación subscribiron, o 12 de novembro de 1997, un acordo marco sobre a inspección e vixilancia das actividades de pesca marítima.

Informar que moitas veces a actividade pesqueira e marisqueira ilegal ven asociada a episodios violentos e grupos organizados, polo que o traballo da Garda Civil ten vital importancia e, ademáis lembrar que para realizar controis en estradas e outros puntos é necesaria a participación da Garda Civil e sinalar a importancia dos Programas Anuais de Control Integral de Actividades Pesqueiras (PACIAP), que permite unha coordinación moi importante para o control de produtos do mar extraídos e comercializados ilegalmente.

Dende o Goberno galego consideramos importante lembrar o as especificidades que teñen cada un dos tres corpos, debemos ter en conta que existen controis de buques que deben ser



realizados por corpos con competencias para augas internacionais ou con capacidade para actuar en buques doutras bandeiras, e que existen actividade pesqueiras e marisqueiras ilegais ligadas a actividades violentas que deben ser atacadas, como xa se comentou con anterioridade.

Consideramos que o máis importante xa non é o número de corpos, senón que todos eles estean perfectamente coordinados e cabe destacar o exemplo do bo traballo conxunto que se desenvolve coa participación permanente e continua de efectivos da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, participación que non se limitou ás funcións do servizo de protección de recursos, senón que exerceu, ademais, aquelas propias do Corpo Nacional de Policía que exceden o ámbito estritamente administrativo. Lembrar que Galicia posúe, amais, normas propias, concretamente a Lei 2/2004, do 21 de abril, no seu artigo 2º polo que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, que regula os principios básicos de actuación do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Consideramos importante resaltar o pulo que o Goberno galego da ao orzamento de Gardacostas para 2021, afianzando as liñas de suba que tamén se veñen dando nos últimos anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25512
Data envío: 26/11/2021 14:48:38.888

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 14:48:35

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 10336**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai implementar a Xunta de Galicia para paliar a situación en que se atopa a frota galega do palangre de superficie, e as actuacións previstas para evitar a súa creba”**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego xa advertiu en decembro de 2019 ao Executivo estatal dos prexuízos da decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica de establecer pola súa conta unhas cantidades de captura de marraxo distintas e inferiores ás recomendadas no seu momento polo ICCAT para a axeitada xestión da especie.

Puxo de manifesto a descoordinación entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e Transición Ecolóxica e Reto Demográfico sobre a comercialización desta especie e demandou unha solución urxente para que se puidese comercializar aquilo que xa foi capturado, sen causar prexuízos á frota, xa de por si castigada pola crise da covid-19.

Esta decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica levou a que por primeira vez se paralizase a pesqueira desta especie, deixando parte das capturas paralizadas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España.

Así, e dende o minuto 1, a preocupación do Goberno galego foi máxima ante a situación de bloqueo da comercialización do marraxo, xa que prexudica seriamente aos barcos galegos de pesca de palangre de superficie e, dende o minuto 1, púxose a traballar de man do sector para lograr unha solución. Así:

- En febreiro de 2020, e dándolle continuidade ás xestións realizadas en decembro de 2019, a conselleira do Mar demandou da SEGEPESCA a axilización da emisión de certificados de exportación CITES para poder dispoñer do marraxo que viña acumulando nas cámaras frigoríficas.



- En xullo de 2020, A Conselleira do Mar volveu demandar unha solución para esta situación mediante unha carta remitida á SEGEPESCA.

- En setembro de 2020, o Presidente da Xunta remitiu unha carta á Vicepresidenta Cuarta e Ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno de España, sinalando a importancia do problema e a necesidade de obter unha solución equilibrada. Unha carta á que non deu resposta.

É un asunto que o Executivo galego reiterou en distintas ocasións á Administración central, entre elas o presidente do Goberno galego, outra vez, na visita do ministro de agricultura, pesca e alimentación, Luis Planas, a Galicia o 15 de xaneiro de 2021 e coa vicepresidenta cuarta e ministra de Transición Ecolóxica en febreiro de 2021

Por todo o anterior o Goberno galego solicitou ao goberno do estado:

- Axilizar, canto antes, a modificación dos criterios de establecemento das cotas para o marraxo determinados polo MITERD, axustándose ás recomendacións da ICCAT e a emisión de certificado de exportación CITES para poder dispoñer do marraxo que vén acumulando nas cámaras frigoríficas.

- Xestionar axudas (engadidas) para a frota afectada, vista a forte implicación que tiveron as medidas adoptadas para a prevención do COVID e o impacto destas na súa cadea loxística e comercial.

- Ampliar as negociacións para que se poida estender ás partes contratantes de ICCAT e outras ORP similares, as medidas de loita contra o finning que regulan a actividade da frota europea de palangre de superficie.

En febreiro de 2021 a conselleira do Mar, mantivo unha xuntanza de traballo cos representantes da frota de palangre galega e coas empresas transformadoras dependentes dela e, as partes coincidiron na necesidade de que o Goberno central ofrezca unha solución



urxente ao bloqueo que está a sufrir a comercialización do marraxo, deixando capturas retidas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España, o que pon en risco a rendibilidade do sector.

Os representantes dos armadores, das empresas transformadores e do Executivo galego lamentaron a falla de coordinación existente entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Vicepresidencia de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico pola que o sector non pode comercializar as capturas realizadas correctamente en aplicación dos totais admisibles de captura (TAC) e cotas autorizados pola Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (Iccat).

Así a Comisión 8ª, pesca e marisqueo, na súa sesión do 16 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo: aprobación por unanimidade sen modificacións:

'O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite ao goberno de España que dea unha solución urxente ao bloqueo actual da comercialización das capturas de marraxo',

O 3 de marzo de 2021, en resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo eurodeputado popular e membro da Comisión de Pesca, Francisco Millán Mon, o Comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevičius, sinala que 'a prohibición de retención total non contribuiría substancialmente á conservación desta especie, e ademais sería contraria á política pesqueira común da Unión e prexudicaría a todas as frotas implicadas'. A Comisión engade que, en consecuencia, a Unión Europea é partidaria de 'permitir, en determinadas circunstancias, a retención e a venda de marraxo dientuso capturado morto'.

Ademais o 1 de abril de 2021 a conselleira do Mar mantivo un encontro por videoconferencia con distintos representantes da frota de palangre de superficie de Galicia no que lles trasladou as conclusións dun informe xurídico encargado pola Xunta de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela sobre o actual bloqueo do goberno central á comercialización do marraxo.



O ditame determina que o veto á importación desta especie, decretado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, constitúe unha ‘decisión arbitraria e contraria ao ordenamento xurídico’, polo que pode recorrerse por vía administrativa ou contencioso-administrativa.

O informe exposto ao sector incide ademais en que, acreditando que esa actuación administrativa arbitraria derivou en danos económicos á frota, existe a posibilidade de que os afectados reclamen unha responsabilidade patrimonial -danos e prexuízos- á Administración Xeral do Estado pola súa actuación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:34:41
Nº Rexistro: 25495
Data envío: 26/11/2021 13:34:41.232

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:34:32

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12026**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as pretensións do Goberno galego de cambiar a data e o lugar da entrega das medallas Emilia Pardo Bazán”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publica o 31 de maio de 2019 o decreto polo que se crea e regula a Medalla Emilia Pardo Bazán, que ten como obxectivo o recoñecemento público daquelas accións relevantes levadas a cabo en favor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As candidaturas poderán ser propostas directamente por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como calquera Administración pública que considere relevante destacar o labor doutras persoas, entidades, ou institucións.

A distinción poderá ser entregada a persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas que, ao longo da súa traxectoria, teñan contribuído á construción dunha sociedade máis igualitaria.

As candidaturas serán avaliadas por unha comisión de valoración, que estará composta por varios representantes da Xunta de todas as consellerías, pola persoa que exerza no momento a Vicepresidencia segunda do Consello Galego das Mulleres en representación das asociacións e federación de mulleres, e pola persoa que exerza o cargo de director/a ou conservador/a da Casa Museo Emilia Pardo Bazán.

A medalla terá un carácter exclusivamente honorífico e dará dereito a un diploma acreditativo, que non leva consigo ningún tipo de dotación económica. Cada ano concederanse ata un



máximo de tres condecoracións, que revestirán forma de medalla cando sexan a título individual, e placa cando se trate de colectivos, entidades ou institucións.

A entrega de medallas realizarase cada ano o 16 de setembro, día de nacemento da escritora galega, nun acto solemne.

A condecoración leva o nome de Emilia Pardo Bazán por tratarse dunha precursora nas ideas acerca dos dereitos das mulleres e o feminismo, por reivindicar a educación e instrución das mulleres como algo fundamental e por incorporar en todas as súas obras ideas sobre a modernización da sociedade e o acceso das mulleres aos mesmos dereitos e oportunidades que os homes.

O Goberno Galego tiña previsto entregar as primeiras Medallas Emilia Pardo Bazán o 16 de setembro de 2019, pero ante o gravísimo acontecemento sucedido en Valga, cun triplo asasinato machista, decídese anular o acto de entrega e pospoñelo, xa que Galicia estaba de loito, tendo lugar o 9 de decembro dese mesmo ano, no que o presidente da Xunta de Galicia entrega as Medallas Emilia Pardo Bazán, a Olga Sotelo, presidenta da Asociación de diagnosticadas e diagnosticados de cancro de mama, a “Mulleres de seu”, para facer visibles os avances en igualdade no rural, unha iniciativa, cuxa presidenta é a vicepresidenta de Cooperativas Lácteas Unidas, Carmen Rodríguez e a presidenta do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, o Presidente da Xunta quixo agradecer a Ángeles Carmona.

No ano 2020, por mor da pandemia que asolou o mundo, non se puido convocar o premio antes do 16 de setembro, tal e como recolle o decreto de creación das Medallas, así pois, informado o Consello da Xunta o 19 de decembro de 2020, da deliberación da Comisión de Valoración, que debe ser presencial, e que polas circunstancias sanitarias non se puido convocar con anterioridade, e que recoñece o labor de Megumi Shiozawa —a título póstumo—, á Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) e á Asociación Rede Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, acórdase o acto para o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, sendo coincidente ca data do 8 de marzo de 1910, no que se aprobou



unha Real Orde que autorizaba por igual a matrícula de alumnos e alumnas para acceder a Ensinanza Superior, sendo Emilia Pardo Bazán Conselleira de Instrución Pública. Así pois, finalmente e tendo en conta as recomendacións e circunstancias sanitarias, celebrouse na sala Emilia Pardo Bazán, da antiga Fábrica de Tabacos, actual sede da Audiencia Provincial da Coruña”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25680
Data envío: 30/11/2021 14:27:56.596

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:27:53

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12589**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2021 da modificación da bocana, da dragaxe e da ampliación dos servizos do porto de Tupide, en Foz”**, (publicada no BOPG número 114 do 22 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A presidenta de Portos de Galicia estivo reunida o 18 de novembro de 2019 con representantes da asociación Ribeira da Foz (Asociación para a defensa dos intereses dos usuarios e propietarios de embarcacións recreativas e de lecer sitas nas zonas portuarias de uso náutico recreativo en Foz) quen lle trasladaron as súas inquietudes e circunstancia actual de ambas as dársenas de Foz. O último dragado na dársena interior de Foz tivo lugar en 2018 cun orzamento de 410.000 €, o resultado destes traballos, ademais da colocación de máis pantaláns, segundo lle manifestaron foi moi satisfactorio para os usuarios, con todo xa lle trasladaron xa se está colmatando nalgúns puntos, consecuencia isto das características da canle de acceso ao porto, un elemento vivo integrado nun complexo sistema hidrodinámico que fai especialmente difícil o mantemento das condicións de calado.

Facer constar que futuras actuacións encamiñadas a mellorar as instalacións de dragaxe da canle e/ou abrigo no porto de Foz están condicionadas por:

Unha gran repercusión medio ambiental xa que a zona é Rede Natura de Galicia e está caracterizada como:

ZEC: Zona de Especial Conservación

ZEPA: Zona de especial Protección para as Aves

ZEPVN: Zona de especial protección dos Valores naturais

O anterior, fai especialmente complexa a tramitación completa do expediente no que interveñen distintas administracións e que recolle o seguinte:



Redacción de documento ambiental

Información pública

Consulta a outras administracións en materia de medio ambiente, saúde pública, augas de Galicia, patrimonio natural, dominio público hidráulico marítimo terrestre, costas...

Tramitación do expediente

Redacción de proxecto construtivo

Licitación e contratación das obras

Execución das obras condicionada pola DIA (documento de IA) que xeralmente acota os meses de execución dos traballos.

O importe definitivo das obras relativas á dragaxe da dársena de Porto Chico poderase establecer coa elaboración do proxecto de dragaxe. E o prazo do mesmo virá marcado polo trámite administrativo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 10:29:09
Nº Rexistro: 25637
Data envío: 30/11/2021 10:29:09.424

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 10:29:01

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12592**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“o recorte na dotación da partida orzamentaria de transferencias correntes ás universidades públicas para actuacións de prevención da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 114 do 22 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Dentro das medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero, incluídas á súa vez no ámbito da prevención da violencia de xénero, de acordo co capítulo II do título I da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, lévanse a cabo accións de promoción de formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario. Para o desenvolvemento destas accións, nos anos 2018, 2019, 2020 e 2021 asináronse convenios de colaboración coas Universidades Galegas, financiados con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Mediante o Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, aprobáronse as medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e mediante a Resolución do 3 de agosto de 2018, da Secretaría de Estado de Igualdade, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 3 de agosto de 2018, polo que se formalizaron os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2018 do crédito de 100.000.000€ para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. De acordo con esta resolución, no ano 2018 correspondéronlle a Galicia un total de 8.027.342,48€ do Pacto de Estado. A transferencia deses fondos á Comunidade Autónoma de Galicia non se fixo efectiva ata o mes de setembro de 2018, polo que, ao amparo do previsto na disposición adicional única do Real Decreto-lei 9/2018, os remanentes non comprometidos resultantes ao remate do exercicio orzamentario de 2018 correspondentes ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero incorporáronse ao orzamento de 2019.

Como consecuencia desta operación contable, resultado de aplicar as regras orzamentarias



establecidas a nivel estatal para a xestión dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, no ano 2019 incrementáronse os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para a loita da violencia de xénero, sumándose á contía que lle correspondeu a Galicia para o 2019 (7.989.984,9€), os remanentes non comprometidos de 2018, o que deu lugar, á súa vez, a que no exercicio orzamentario de 2019 os convenios de colaboración coas universidades galegas viran case duplicado o seu importe, -que ascendeu ao total de 300.000€-, froito de sumarlle ao orzamento inicialmente previsto para o ano 2019 os remanentes non comprometidos do ano 2018. Estes convenios de colaboración mantivéronse durante os anos 2020 e 2021, pola contía total de 120.000€ para cada ano, financiándose igualmente con cargo aos fondos do Pacto de Estado para a violencia de xénero que lle corresponderon a Galicia para o ano 2020 (7.939.202,9€) e 2021 (7.879.380,52€), respectivamente. Neste senso cómpre sinalar que, a pesar de que os fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se transfiren a Galicia diminúen cada ano, non obstante, mantéñense inalterables os importes que se transfiren ás universidades galegas a través dos indicados convenios.

Por último, froito da constante colaboración entre as universidades galegas e a Xunta de Galicia, tanto as contías asignadas como as accións a desenvolver son previamente acordadas e consensuadas coas tres universidades, estando a administración autonómica plenamente satisfeita co resultado desta colaboración, tal e como demostra o feito de que estes convenios sigan renovándose anualmente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25677
Data envío: 30/11/2021 14:27:32.846

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:27:29

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13549**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa violencia sexual e, en particular, no referido ao concello de Sarria”**, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a violencia sexual e os abusos sexuais constitúen unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as persoas vítimas de violencia sexual e abusos sexuais teñen a condición de vítimas de violencia de xénero.

Ao amparo deste marco legislativo, e como parte dos traballos realizados polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero (GT4.- Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual), estudouse, en colaboración co partido xudicial de Santiago de Compostela, a posibilidade de elaborar un protocolo de actuación ante delitos de violencia sexual, que sería de aplicación no ámbito xudicial.

Consciente da singularidade da violencia sexual e dos abusos sexuais como unha forma específica de violencia de xénero, dentro da macroenquisa sobre a percepción da violencia de xénero en Galicia, presentada en novembro de 2020, dedicouse un apartado específico á violencia sexual, cuxos resultados revelan que, en relación aos motivos que a cidadanía considera como desencadeamento da violencia sexual, o maior grao de acordo (todos por enriba do 80%) maniféstase co ‘machismo imperante na sociedade’, os ‘problemas



psicolóxicos ou mentais dos agresores', a 'falta de autocontrol do agresor' e o 'abuso de alcohol e drogas' dos agresores. Menor consideración obteñen os que se poden definir como motivos vinculados directamente ao comportamento sexual.

Polo tanto, o Goberno galego continúa a achegar esforzos e recursos para darlle unha atención específica e especializada ás vítimas de delitos sexuais. Neste senso, no eido da atención ás vítimas de violencia sexual, ademais de seguir operativo o Servizo de apoio psicolóxico a vítimas de violencia sexual, priorizando o mantemento e o contacto permanente con todas as usuarias, tamén se manteñen todos os programas específicos destinados á súa atención, como o Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade.

Estes programas complementáanse co desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención, así como de atención e apoio a vítimas de violencia sexual e trata, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata.

Compre sinalar tamén a posta en funcionamento da App 'Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual', unha App da Xunta de Galicia desenvolta en colaboración co Colexio de Enxeñería de Galicia, con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información, que inclúe un decálogo contra a violencia sexual e un directorio, así como teléfonos e información.

O concello de Sarria está adherido dende o ano 2012 á Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, promovida desde a Secretaría Xeral da Igualdade, e que ten como cometidos principais establecer medidas preventivas contra a violencia e detectar posibles situacións de risco. De acordo co Informe de Activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, consta que o Concello de Sarria tiña constituída a Mesa Local de Coordinación Institucional contra a Violencia de Xénero.

Coa finalidade de activar as Mesas Locais de Coordinación Institucional contra a Violencia de



Xénero, que son un mecanismo de harmonización dos recursos e entidades locais, no ano 2018 a Secretaría Xeral da Igualdade elaborou e difundiu o Manual de dinamización para as Mesas Locais de Coordinación Institucional contra a Violencia se Xénero (MLC). O citado Manual da continuade á Guía Práctica para a constitución das Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero, elaborada en 2015 como ferramenta de apoio para contribuír á mellora da coordinación entre todas as institucións que traballan en contra da violencia machista. En 2017, logo dunha fase de análise e diagnose, entrouse nunha fase de contraste, definindo pautas e ferramentas para mellorar a coordinación das Mesas, e deseñando recomendacións para unha mellor optimización deste recurso nas entidades locais. Desenvolvéronse encontros nas catro provincias, dirixidos a responsables políticos e persoal técnico municipal e deles xurdiron propostas relativas a recomendacións para as políticas públicas en materia de igualdade de xénero, sempre co fin de seguir avanzando na colaboración interinstitucional na loita contra a violencia machista. Así e raíz do traballo desenvolvido nos anos anteriores, no ano 2018 a Secretaría Xeral da Igualdade elaborou e difundiu o mencionado Manual de dinamización das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, como complemento á guía editada no 2015, coa finalidade de apoiar e dinamizar as mesas e facilitar a súa operatividade co propósito de acadar os seguintes compromisos:

- Dotar as mesas de mecanismos e dinámicas de traballo facilitadoras da planificación que permita cumprir os obxectivos para os que foron definidas (orientación a obxectivos específicos, medidas e accións que se van desenvolver, recursos que se van empregar, avaliación e seguimento do seu funcionamento).
- Facilitar novas dinámica de traballo colaborativas dirixidas ao intercambio de coñecementos e experiencias entre axentes e administracións de cara á xeración de novas iniciativas e actividades ao redor das mesas.
- Incrementar o grao e a efectividade da coordinación interinstitucional que contribúa a mellorar a prevención e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.



- Acadar unha maior implicación, participación e colaboración de todos axentes e instancias na prevención e detección precoz de casos de violencia de xénero.

Respecto ao reforzo do CIM de Sarria, tal e como se indica a continuación, este é un recurso de titularidade municipal. O CIM deste concello foi creado no ano 2005 e a súa área de influencia é de ámbito comarcal, xa que ao amparo do previsto no Decreto 130/2016, asinou un convenio de colaboración cos concellos de Láncara, O Páramo, Paradela e Samos, vixente dende o ano 2007 para a prestación conxunta do servizo do CIM.

Respecto dos Centros de Información ás Mulleres, sinalar que, de acordo co Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, os CIM son un recurso de titularidade municipal, polo tanto, correspóndelle ás entidades locais (concellos, mancomunidades, etc) a iniciativa da súa creación, sendo competencia da Xunta de Galicia verificar os requisitos para o seu recoñecemento e acreditación. A finais do ano 2020 acreditouse un novo CIM no Concello de O Pereiro de Aguiar e a principios do ano 2021 no Concello de Carballeda de Avia, ambos os dous na provincia de Ourense, pasando a estar constituída a rede de CIM por un total de 84 centros espallados por toda a xeografía galega, con representación nas catro provincias.

Porén, se temos en conta que unha parte dos CIM representan a unha mancomunidade ou a unha agrupación de municipios, conclúese que o número de concellos de Galicia que reciben a prestación dos servizos a través dos CIM é moi superior achegándose a un número total de 191 concellos de Galicia (61% do total de concellos de Galicia). Ademais en termos poboacionais a poboación total do ámbito territorial que abrangue os 84 CIM alcanza unha cifra total de 2.191.658 habitantes, que representa o 81% da poboación total.

Neste eido, o Goberno autonómico mantén un programa de apoio aos CIM, mediante unha convocatoria anual de axudas para estes centros. No orzamento do ano 2020 convocáronse axudas para os CIM por un importe total de 4.836.766€ e no ano orzamento do 2021 o importe



da convocatoria ascendeu a 4.959.894€, o cal amosa o compromiso do goberno autonómico no apoio ás entidades locais na prevención e loita contra a violencia de xénero, contribuíndo así ao financiamento e sostemento dos CIM como recurso de titularidade municipal.

De acordo co Informe de Activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, realizado no 2017 e que está en proceso de actualización no ano 2021, o 35,6% das entidades locais que pertencen á Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero (formada por un total de 163 concellos e mancomunidades) teñen constituída a Mesa Local de Coordinación Institucional contra a Violencia de Xénero, o que supón un total de 58 entidades. Hai que indicar que 6 concellos da Rede están asociados á mesa mancomunada.

Dentro dos colectivos e persoas que forman parte das Mesas, ademais dos postos formais relacionados coa Presidencia e Secretaría, nos que consta para todas, destaca a presenza de persoas relacionadas coa concellería competente, os corpos de seguridade e policía local e o CIM, persoas relacionadas cos centros de atención primaria, centros educativos e outros (principalmente persoas dos xulgados, representantes dos gobernos central e autonómico, colectivos profesionais e/ou representantes de institucións supralocais).

Case o 60% das Mesas constituídas, o que supón un total de 34 Mesas, tiveron unha actividade continuada desde a súa constitución. Os labores de coordinación de actuacións contra a violencia de xénero a nivel local é a principal actividade desenvolvida polas Mesas Locais que funcionaron con normalidade. Nun segundo nivel sitúanse as actividades de sensibilización e prevención, así como as de atención ás vítimas de violencia de xénero. Nun terceiro nivel situaríanse a atención a casos de alto risco, a avaliación de datos sobre a situación da violencia de xénero ou as accións de detección precoz.

A avaliación de campañas específicas ten unha presenza marxinal dentro das actividades desenvolvidas polas Mesas. No referido ao seguimento destes instrumentos, ademais da realización de estudos analíticos como o realizado no ano 2017 e que está en proceso de actualización, tamén se realizan reunións de seguimento e coordinación a nivel provincial,



contando coa asistencia das persoas titulares das xefaturas territoriais en representación da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 12:39:33
Nº Rexistro: 25661
Data envío: 30/11/2021 12:39:33.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 12:39:30

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14084**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do novo Regulamento de Control da Pesca aprobado polo Parlamento Europeo e das medidas que establece en relación coa pesca artesanal de Galicia, así como sobre o seu posible impacto para o sector marisqueiro, e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 127 do 22 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de marzo o Pleno do Parlamento Europeo adoptaba a súa posición sobre a reforma do Regulamento de Control, traballando sobre a proposta da Comisión Europea, ao, supostamente, modernizar as medidas de control e execución sen penalizar nin crear excesiva burocracia ao sector.

Nestes meses levaranse a cabo negociacións do Parlamento Europeo coa Comisión Europea e o Consello de Ministros (Estados membros) nos chamados trilogos, tras os que se tomará unha decisión definitiva e se determinará o texto final.

Esto implica que cabe seguir traballando para mellorar o texto e facer que se adecúe ás circunstancias da frota costeira artesanal.

A Consellería do Mar segue traballando e así:

O día 25 de marzo mantivo unha xuntanza coa Directora General de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea para:

Demandar da Comisión Europea unha postura en pro da flexibilización das medidas sinaladas, habida conta das específicas circunstancias que atinxen á nosa frota costeira artesanal.

Rectificar a petición formulada pola Comisión Europea aos eurodeputados/as para que



reorientasen a pretendida flexibilidade e certos aspectos do texto votado polo Parlamento Europeo.

O día 13 de abril mantivo unha xuntanza co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo para:

Expresar e lamentar a rigorosidade do anteproxecto de regulamento europeo de control da pesca pois castiga un labor que xa está ben controlado ao desenvolverse preto da costa.

Manifestar a preocupación e o descontento xerado pola recente aprobación na Eurocámara desta proposta normativa.

Advertir de que medidas introducidas na normativa -como a instalación de cámaras a bordo, a xeolocalización ou o rexistro dixital das declaracións de desembarque- apenas supoñen melloras para o control da actividade e, en cambio, dificultan en gran medida o labor diario dos profesionais do mar, desde a frota de baixura ata o marisqueo.

A conselleira do Mar aposta por mellorar o texto durante o proceso de negociación no marco dos trílogos -os debates entre a Comisión Europea, a Eurocámara e o Consello Europeo- para deseñar un regulamento de control máis adaptado á realidade da frota e que non castigue ao sector.

O presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, trasladou que a prioridade da Eurocámara é seguir traballando para deseñar unha normativa que se adapte perfectamente ás diferentes realidades do sector e ás súas necesidades.

O día 3 de maio a conselleira do Mar mantiña unha xuntanza por videoconferencia co Ministro do Mar de Portugal, como Presidente de turno do Consello de Ministros de Pesca da UE para facer fincapé nestes asuntos e demandar flexibilidade.

Polo tanto, a conselleira do Mar e o sector xa se reuniron coas tres partes dos trílogos para



demandar flexibilidade e poñer sobre a mesa as circunstancias e demandas da nosa frota”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25509
Data envío: 26/11/2021 14:48:15.013

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 14:48:11

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14487**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do nivel de produción das zonas de libre marisqueo da ría de Arousa e as decisións previstas para a súa mellora”**, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os bancos marisqueiros de Lombos de Ulla, O Boído e Cabío da ría de Arousa conforman unha unidade de xestión na que desenvolven a súa actividade todas as embarcacións con base nalgún porto da ría de Arousa que teñen a modalidade de marisqueo (Z3) ou libre marisqueo (Z3) no seu permiso de explotación.

Lombos do Ulla, O Boído e Cabío son bancos marisqueiros que ata a actualidade foron explotados conformando unha unidade de xestión, e os datos científicos das mostraxes e o seguimento dos mesmos atenden a esta unidade.

A xestión dos bancos mencionados mediante plan de xestión xurde da necesidade de levar a cabo un novo modelo de explotación para o libre marisqueo.

Este modelo foi abordado en diversas reunións co sector dende o ano 2015, e tras un proceso en que as entidades estudaron a conveniencia de traballar mediante plans específicos para zonas de libre marisqueo, sen ter que someterse ás as condicións xerais establecidas para as zonas de libre marisqueo.

No ano 2018 diversas entidades presentaron plan de xestión con estes bancos para a súa aprobación no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de 2019, e do mesmo xeito no ano 2020 presentáronse distintas propostas para a súa inclusión no Plan Xeral do trienio 2021-2023.

Dende a aprobación do plan de xestión estanse a aplicar medidas de conservación, como é o



establecemento de labores de control da explotación que actualmente están dixitalizadas, o desenvolvemento de actividades de semicultivo e ademais dispónse de persoal específico, tanto técnico como gardapescas, para o seguimento da explotación e obtención de datos para unha correcta xestión dos recursos.

Dende o ano 2019 os bancos marisqueiros de Lombos do Ulla, O Boído e Cabío, estanse a explotar mediante un plan específico de xestión aprobado á Asociación de Rañeiras/os da Ría de Arousa.

Este ano a conselleira do Mar mantíña dúas xuntanzas (23 de xaneiro e o 8 de marzo) co Presidente da Asociación de Rañeir@s da Ría de Arousa e membros da Xunta Xeral da Asociación de Rañeiros nas que abordaron diversos temas relacionados co plan de libre marisqueo de Lombos do Ulla, O Boído e Cabío que xestiona a asociación.

Para a actividade marisqueira, que se desenvolve tanto mediante plans específicos de xestión, como plans en zonas de autorización, as entidades asociativas contan co apoio do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020.

A Consellería do Mar, no marco do programa FEMP, puxo a disposición das entidades liñas de axudas para proxectos colectivos de conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables. Así entre os anos 2017 e 2020 executáronse 41 proxectos nas confrarías da Ría de Arousa, que suporían un importe total de preto de 1,6 millón de euros (1.584.872,78€), e actuarían sobre unha superficie de case medio millón de metros cadrados (491.375 m²) e ademais incluírían sementeiras de preto de 20 millóns de unidades de ameixa babosa (19.775.031 unidades).

Ademais nos últimos anos a Consellería do Mar ven promovendo diversos proxectos de investigación para o control e mellora da produción marisqueira nas zonas de libre marisqueo da ría de Arousa, así como para aumentar o coñecemento sobre a marteiliose do berberecho, como base para poder mellorar a xestión e evitar os prexudiciais efectos económicos da enfermidade.



Un total de 9 proxectos por un importe total de máis de 1 millón de euros (1.013.986 €)

Estas investigacións desenvólvense a través de accións de investigación de Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), independentemente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións de ámbito nacional ou comunitario.

Durante o ano 2021 esta previsto continuar co seguimento do estado deste banco marisqueiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 12:39:07
Nº Rexistro: 25658
Data envío: 30/11/2021 12:39:07.611

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 12:39:02

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15086**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que o emprendemento relacionado coa pesca nos concellos do interior poida ter axudas en igualdade de condicións que nos concellos da costa”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro é unha asociación sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e da normativa de aplicación do Estado e da Comunidade Autónoma.

As EDLP concibidas e postas en práctica polos grupos de acción local do sector pesqueiro son o principal instrumento para o logro da prioridade cuarta da UE de aumentar o emprego e a cohesión territorial mediante o obxectivo específico seguinte: O fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade e á mobilidade laboral nas comunidades pesqueiras e acuícolas, incluíndo a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima.

O GALP é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da EDLP da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten.

O Desenvolvemento Local Participativo (DLP) establécese no título III, capítulo II do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello.



O desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras e acuícolas establécese nos artigos 58 a 64 do Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:57:11
Nº Rexistro: 25564
Data envío: 29/11/2021 11:57:11.977

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:57:08

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16570**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación de discriminación salarial que sofren as mulleres nun centro de traballo dependente dunha administración pública en Lemos e a posibilidade de que ocorra noutros centros”**, (publicada no BOPG número 148 do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Trátase dunha situación competencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social, organismo que ten asignado legalmente o control das relacións laborais, podendo en casos como os descritos, e en suposto de comprobación destes feitos, iniciar os correspondentes expedientes sancionadores e liquidatorios de cotas da Tesourería Xeral da Seguridade Social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 12:38:56
Nº Rexistro: 25657
Data envío: 30/11/2021 12:38:56.924

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 12:38:50

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 17374**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”**, (publicada no BOPG número 159 do 24 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En relación á situación laboral dos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar informar que, en marzo de 2017, a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO, UGT e CIG asinaron o acordo de integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Mediante este acordo, que foi ademais ratificado por unanimidade polos catro comités provinciais de empresa do Consorcio, fóronse mellorando as condicións laborais do persoal deste ente público en aspectos como:

- Equiparación salarial co resto do persoal da Xunta de Galicia, que rematará en 2022
- Equiparación da xornada laboral
- Pago de trienios



- Equiparación do réxime de permisos, licencias e vacacións co resto do persoal da Xunta.

- E outras cuestións que se recollen no texto.

Este acordo tamén prevé que as prazas do persoal do Consorcio ocupadas interinamente por persoal temporal ou indefinido non fixo serán incluídas na Oferta de Emprego Público (OPE) da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25673
Data envío: 30/11/2021 14:26:58.799

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:26:53

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6899**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Dfiaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o seguimento das mulleres ás que se lles denega a prestación económica de carácter periódico para vítimas de violencia de xénero por razóns de incumprimento ou non-acreditación dalgúns dos requisitos das bases da convocatoria co fin de emendar eses erros**”, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero son axudas económicas que teñen a natureza de subvencións públicas e que, polo tanto, están suxeitas na súa tramitación á normativa en materia de subvencións, tal e como así se establece na resolución pola que se convocan anualmente estas axudas. Neste senso é preciso sinalar que, se ben para a súa concesión non se establece un procedemento de concorrencia competitiva (non existe unha prelación entre as solicitudes), non obstante, a concesión debe tramitarse tendo en conta, en todo caso, os principios recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que entre outros establece os principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Deste xeito, mediante Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 1, de 2 de xaneiro), modificada a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG núm. 36, de 20 de febreiro), aprobáronse as bases reguladoras para a concesión da dita prestación periódica para mulleres que sofren violencia de



xénero, en cuxo artigo 5 se establecen os requisitos necesarios para poder ser beneficiaria destas axudas.

En consecuencia, da aplicación das bases reguladoras da subvención resulta que para a concesión das axudas é preciso que as persoas solicitantes cumpran uns determinados requisitos fixados obxectivamente, o cal da lugar, no caso de incumprimento, á denegación da subvención. Así o establece a propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo a cal só poderán ter a condición de persoas beneficiarias dunha subvención aquelas que 'se atope na situación que lexítima a súa concesión'.

Polo tanto, en ningún caso a causa de denegación das prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero obedece a un simple "problema burocrático", xa que nestes casos sempre se busca unha solución dentro do marco legal previsto na Lei de subvencións e na Lei reguladora do procedemento administrativo- como a posibilidade de corrección a través de requirimentos de emenda, ampliación de prazos nos casos establecidos, mellora voluntaria da solicitude, achega de documentación complementaria, etc-.

Os supostos nos que se denega a subvención son aqueles nos que quedou acreditado, despois da correspondente tramitación do expediente, que a persoa solicitante non cumpría algún ou varios dos requisitos obxectivos previstos no artigo 5 das bases reguladoras, que en ningún caso obedecen a simples 'problemas burocráticos', xa que neste último caso terían sido obxecto de emenda e corrección dentro do marco legal establecido para a tramitación do procedemento administrativo de subvención.

En relación ao requisito do artigo 5.1.b) das bases reguladoras, -'Ter cesado a convivencia co agresor, ou coa persoa que mantiver sobre ela unha relación de



dominación, no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude', é preciso sinalar que a finalidade da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, de acordo co artigo 39 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (e que neste precepto mantén a redacción dada no ano 2007), é posibilitar que as vítimas rachen coa situación de dependencia económica respecto do agresor, que as obriga á convivencia con el e lles impide afrontar o seu futuro de maneira independente, e mais tentar axudalas a romper coa situación de violencia de xeito definitivo.

Respecto da flexibilización dos restantes requisitos, o 19 de decembro de 2018 foi aprobada no pleno do Parlamento de Galicia unha proposición non de lei pola que se insta á Xunta de Galicia a modificar a resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, previstas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, coa finalidade de crear un novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda superior a 1,5 veces o IPREM e menor ou igual a dúas veces o IPREM como punto de partida, engadindo situacións complementarias (menores a cargo, discapacidade e dependencia), xa recollidas nas bases reguladoras e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

Por último, en relación ao seguimento das mulleres ás que se lles denegou a prestación, cómpre sinalar que naqueles supostos nos que é previsible que se produza un cambio nas circunstancias persoais da muller, que dea lugar a que desapareza a causa obxectiva pola que se denegou a subvención, dende a Secretaría Xeral da Igualdade lévase a cabo a correspondente orientación e o conseguinte asesoramento para que, nestes casos, as mulleres poidan volver solicitar a axuda, xa sexa directamente se foron elas as que pediron a solicitude ou, no seu caso, remitíndoas



aos seus centros de referencia, cando xa foran previamente eses centros os que tramitaran solicitude inicial (servizos sociais dos concellos, Centros de Información ás Mulleres, etc), facilitándolles toda a información necesaria e os recursos dispoñibles ao seu alcance para volver a pedir a axuda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25686
Data envío: 30/11/2021 14:28:44.080

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:28:40

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7918**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“se o Goberno galego pensa que aprazar a liquidación das taxas dependentes da entidade pública Portos de Galicia, dous meses despois da fin do estado de alarma, serve para axudar as entidades e empresas usuarias dos portos de titularidade autonómica”**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Portos de Galicia sonlle de aplicación as seguintes leis que limitan a súa capacidade de actuación a nivel liquidatorio: a Lei de taxas, prezos e exencións reguladoras da CA, a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei xeral tributaria e a Lei de Portos de Galicia.

Polo tanto calquera medida relativa ao cobro de taxas está suxeita aos límites que impón este marco xurídico e dentro del tomáronse as seguintes medidas orientadas sempre a contribuír co sector.

1) O 14 de abril, con carácter urxente no momento de decretarse o Estado de alarma Portos de Galicia puxo en marcha as medidas de aplicación inmediata:

- Adiar o vencemento do prazo voluntario de pago de taxas xa emitidas.
- Adiar a emisión de todas as taxas portuarias posteriores ao 13 de marzo ata dous meses despois de terse levantado o estado de Alarma.

2) O 19 de maio, Portos de Galicia estableceu as medidas a medio e longo prazo en canto á ocupación de dominio público portuario por terrazas e hostalería de forma que se procedía á exención de taxas a aqueles establecementos que por mandato legal non tiveron opción de ocupar o solo.



- Os propietarios dos negocios de hostalería con terraza en espazos portuarios quedarán exentos do pago das taxas correspondentes ao período entre o 14 de marzo e o 11 de maio, toda vez que non se ten producido o feito impositivo.
- Polo que corresponde ao período posterior ao 11 de maio, Portos de Galicia comprometéase a tomar medidas excepcionais de xeito individualizado para ou ben aumentar o número de mesas que se permita instalar ou ben adaptar as condicións da autorización ás restricións de uso.

En xullo de 2020 notificouse aos usuarios o novo plan de emisión de liquidacións que empezaría en agosto para as taxas X4, X5, subministros e ACIS; en setembro para convenios de acuicultura e uso de dominio público; e en outubro para a TODP.

A liquidación das taxas ven rexida polas citadas leis que atinxen ao conxunto da Administración e cuxa modificación require da aprobación do consello e do trámite parlamentario regrado.

A única vía para a modificación da liquidación de taxas é o cambio legislativo, tal como se fixo en decembro de 2020, a través da Lei de Medidas e, así Portos de Galicia introduciu unha disposición transitoria na Lei de Taxas na que establece medidas excepcionais e bonificacións para o sector hostaleiro co obxectivo de paliar os efectos neste sector da crise económica derivada da Covid 19.

A modificación do réxime de taxas do ente público oriéntase nun dobre sentido: a exención dalgunhas taxas e a bonificación de outras. Polo que respecta ás primeiras, quedarán exentas de pago as taxas por ocupación de espazos das terrazas hostaleiras dende a entrada en vigor do decreto de Estado de Alarma do 14 de marzo de 2020 e mentres se manteñan vixentes as restricións impostas ao sector a causa da pandemia.

En canto ás bonificacións, bonificarase cun 50% a taxa de ocupación de dominio público portuario para aquelas concesións ou autorizacións administrativas cuxo obxecto recolla, total o parcialmente, o uso de hostalería. Neste caso, Portos de Galicia liquidará aos titulares das



concesións unicamente a metade do importe da taxa correspondente.

Esta medidas son de aplicación dende o 1 de xaneiro de 2021 ata 6 meses despois de que se manteñan vixentes as restricións impostas polo organismo competente no sector da hostalería debido á pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25610
Data envío: 29/11/2021 15:10:50.938

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 15:10:47

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8170**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas comprendidas dentro da nova orde de axudas para lonxas Plan de Reactivación Marítimo-Pesqueiro de Galicia (AVANTEMAR)”**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No DOG do 9 de xullo de 2020 se publica a orde do 1 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas ás entidades xestoras de lonxa pola caída de ingresos como consecuencia da pandemia COVID-19 e a declaración do estado de alarma efectuada polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

A Consellería do Mar analizou coas entidades xestoras de lonxa a urxente necesidade de articular axudas para a compensación das perdas xeradas pola baixada de produtos vendidos a través desta, como consecuencia da pandemia COVID-19, e en particular o establecemento do estado de alarma a través do Real decreto 463/2020, que supuxo o peche da coñecida como canle Horeca e por tanto a caída da venda de produtos de pesca e marisqueo realizadas a través das lonxas.

Debido a esta situación excepcional deben adoptarse medidas de urxencia de carácter conxuntural, que permitan paliar estes efectos, estando dirixidas as presentes axudas ás entidades xestoras de lonxa autorizadas como tales pola Consellería do Mar pola caída dos ingresos derivados da venda nas súas instalacións de produtos pesqueiros e do marisqueo como consecuencia do establecemento do estado de alarma.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar a concesión das axudas para este exercicio 2020, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades



xestoras de lonxa que sufriron diminución nos ingresos obtidos pola venda de produtos da pesca e do marisqueo e a acuicultura durante o estado de alarma decretado polo Goberno de España mediante o Real decreto 463/2020, e as súas sucesivas prórrogas.

Foron persoas beneficiarias das subvencións, as entidades xestoras de lonxas ou establecementos autorizados pola Consellería do Mar para a primeira venda dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura situados nas zonas de servizo de portos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén foron beneficiarias as asociacións sectoriais ou confrarías de pescadores autorizadas pola Consellería do Mar para a primeira venda de produtos frescos procedentes da pesca e o marisqueo.

As axudas para as entidades sen ánimo de lucro para o ano 2020 o importe máximo foi de 440.000 euros; no que respecta a entidades privadas o importe máximo foi de 160.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25609
Data envío: 29/11/2021 15:10:42.813

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 15:10:36

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8171**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia relativa a existencia de plans de loita contra a contaminación mariña accidental nos concellos costeiros dentro do Plan Territorial por Contaminación Mariña Accidental de Galicia”**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia (Plan CAMGAL) achega unha resposta áxil e coordinada ante unha eventual continxencia por contaminación. O documento recolle un conxunto de normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta das administracións públicas fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte o litoral da nosa Comunidade.

Este plan supón un avance na preparación da Comunidade Autónoma nesta materia e promove unha utilización racional dos medios materiais existentes. CAMGAL ten como obxectivo obter a máxima protección para as persoas, o ambiente e os bens que resulten afectados ante unha eventual continxencia.

Defínense como obxectivos específicos do plan os seguintes:

Planificar e coordinar, no ámbito das súas responsabilidades, as actuacións dos medios materiais e humanos adscritos ao Plan CAMGAL coas actuacións dos distintos medios capaces de realizar operacións de loita contra a contaminación mariña accidental, pertencentes ás diversas administracións, así como a institucións públicas e privadas.

Potenciar a utilización axeitada e a mellora dos medios de loita contra a contaminación mariña accidental adscritos ao plan, así como fomentar a capacitación de persoal especializado a



nivel territorial.

Entre as principais novidades con respecto ao anterior plan, CAMGAL inclúe unha maior cobertura do risco, ao incluír por primeira vez puntos específicos na loita contra a contaminación mariña accidental provocada por substancias nocivas e potencialmente perigosas (SNPP).

Nos procedementos de actuación o Plan introduce tamén a recolla e regulación da actuación do voluntariado nas tarefas de resposta, diferenciando entre o voluntariado profesional do mar e o voluntariado non profesional nas operacións en terra. Así mesmo, por primeira vez recóllese e foméntase a correcta recolla de evidencias para a xestión de compensacións.

O plan inclúe tamén un atlas para a limpeza da costa nestes casos dependendo do lugar, do tipo de alcance e da vertedura.

Outro aspecto relevante é a inclusión, por primeira vez, da obrigatoriedade de elaboración de plans locais por parte dos concellos litorais, implicándoos na loita contra a contaminación mariña accidental, co fin de minimizar os seus efectos negativos nos recursos socioeconómicos e ambientais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25608
Data envío: 29/11/2021 15:10:31.969

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 15:10:27

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 8172, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**actuación do Goberno central e, particularmente, do Instituto Social da Mariña (ISM) na atención da necesidade dun protocolo de actuación fronte a casos de Covid-19 a bordo dos buques pesqueiros**”, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar emitiu desde o primeiro momento da alerta sanitaria provocada pola Covid 19 recomendacións para extremar as medidas de prevención a bordo dos barcos, á espera das resolucións que emitise a administración competente na atención sanitaria a bordo.

Dende o primeiro momento a Consellería do Mar lamentou a falta de claridade e resposta en relación coas consultas feitas sobre a realización de test aos tripulantes dos buques de xeito previo ao embarque dado que había empresas armadoras interesadas en facelos pola súa conta. Non obstante, a petición da Xunta non foi atendida polo Goberno central, que se limitou a remitir á normativa que regulaba a disposición e uso de test, sen clarexar as dúbidas existentes ao respecto da súa aplicación.

Ante esta situación, o Executivo galego adoptou varias medidas para garantir a seguridade da frota. Entre elas, a realización de test ás tripulacións dos barcos galegos que participaban en maio na campaña da anchoa e pola que máis de 400 tripulantes de 40 barcos puideron testar a presenza do virus grazas ao apoio das confrarías vascas e cántabras e aos servizos de saúde vasco e cántabro, que actuaron por mediación do Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Lembrar que Consellería do Mar e o Sergas asinaron en xuño un convenio co Instituto Social da Mariña (ISM) polo que a CA de Galicia facilitaría ao organismo estatal os test serolóxicos para ser realizados aos tripulantes que fan mareas longas e formaría aos médicos do ISM para



a súa realización. Galicia entregou máis de 2.500 test ao ente dependente do Goberno central -que é o que ten competencias para facelos- e formou ao seu persoal pero a realización de probas diagnósticas foi escasa.

En canto ao protocolo de actuación específico para os casos de posibles enfermos de coronavirus a bordo dos buques, Galicia pediu en varias ocasións ao Estado a súa elaboración co obxectivo de distribuír as funcións nese protocolo en virtude das competencias e capacidades de cada departamento e clarificar a actuación tanto mentres o buque estivese no mar como durante o traslado a terra dos tripulantes.

Con ese obxectivo, as distintas Consellerías mostraron xa en abril a súa disposición a facilitar a organización destas cuestións segundo a área sanitaria e os hospitais de referencia así como a aportar os medios dispoñibles para o mantemento das corentenas. O Ministerio de Sanidade, non obstante, desbotou a posibilidade de desenvolver este protocolo alegando que esas competencias correspondían ás comunidades autónomas e a outros organismos como Sanidade Exterior”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:58:16
Nº Rexistro: 25571
Data envío: 29/11/2021 11:58:16.665

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:58:09

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8905**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento pola Consellería do Mar das condicións do contrato de adjudicación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, concretamente a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, como unidade responsable da execución do contrato, leva un exhaustivo control e seguimento da execución correcta do servizo nos termos establecidos nos pregos que rexen na licitación.

Tal como se esixe nos pregos a empresa comunica de forma inmediata calquera incidencia que afecte á operatividade das bases e, esta comunicación realízase ao Centro de Emerxencias do Servizo de Gardacostas e queda rexistrada no Centro de Control da empresa contratista.

Por outra parte, ao abeiro do estipulado nos pregos, a Consellería realiza periodicamente actuacións de inspección ‘in situ’ para comprobar a correcta execución do contrato.

Como consecuencia destas actuacións de control e inspección ditáronse, ao longo da vixencia deste contrato (outubro de 2017), 4 resolucións de imposición de penalidades por incumprimentos puntuais das obrigas establecidas nos pregos de condicións.

Cando a Consellería do Mar comprobou ou tivo coñecemento dalgún incumprimento contractual procedeu a tramitar o correspondente expediente de imposición de penalidades concluíndo nalgúns destes expedientes na imposición de penalidades.



Pero en ningún caso esta consellería considera que se está a producir un incumprimento sistemático por parte da empresa adxudicataria das obrigas contractuais.

De feito, se temos en conta a operatividade das bases, hai que concluír que a execución do contrato está sendo satisfactoria, cun promedio de operatividade da más do 94%

Este dato reflicten unha dispoñibilidade das aeronaves moi alta, o cal que non é fácil acadar nun contrato tan complexo, no que as aeronaves son obxecto de continuas revisións e mantementos e no que calquera pequena avaría supón a imposibilidade de voar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:57:38
Nº Rexistro: 25567
Data envío: 29/11/2021 11:57:38.055

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:57:33

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8906**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da elaboración e aprobación, de acordo co sector, dun novo sistema de distribución, entre as embarcacións do cerco de Galicia, das cinco licenzas para pescar nas augas interiores do País Vasco”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 204/1994, de 7 de junio, por el que se regula el ejercicio de la pesca con determinadas artes en las costas del País Vasco, prohíbe a pesca por medio de artes de cerco dentro das augas interiores da Comunidade Autónoma de Euskadi. Non obstante o art. 3 do citado decreto establece que o Departamento de Desenvolvemento Económico e Infraestruturas poderá outorgar autorizacións temporais para o exercicio da pesca con artes de cerco en augas interiores do País Vasco.

Os criterios de outorgamento destas autorizacións foron aprobados con data do 9 de setembro de 2008 e entre as condicións remitidas polo devandito Departamento atópanse a autorización dun máximo de cinco embarcacións de xeito simultáneo e a comunicación do nome das embarcacións autorizadas semanalmente a mais tardar o xoves da semana anterior.

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica encárgase dende o ano 2008, de realizar esta xestión facendo de intermediario entre o Goberno da Comunidade Autónoma do País Vasco e as asociacións interesadas. Dende esa data, a operativa non tivo modificacións substanciais e foi sempre coñecida polas asociacións solicitantes.

Antes do inicio de cada campaña, recíbense nesa Dirección Xeral as solicitudes para faenar en augas interiores do País Vasco e no orde no que van chegando remítense á Comunidade Autónoma de Euskadi para que esta Comunidade, de ser o caso, proceda a emitir as



autorizacións oportunas.

No momento que se reciben nesa Dirección Xeral as devanditas autorizacións son remitidas ás asociacións solicitantes. Unha vez recibida a autorización, a entidade solicitante correspondente deberá comunicar antes do xoves de cada semana aqueles barcos da súa Asociación que estean interesados, debendo enviar por correo electrónico as solicitudes a partir do luns da semana en cuestión.

Tendo en conta que, por unha banda, non poden entrar mais de cinco embarcacións simultaneamente por semana e que, por outra banda, o número de solicitudes é superior a esa cantidade, se lles solicita as asociacións que establezan unha orde de preferencia respecto das embarcacións que envían.

Como criterio, e ante a carencia de ningunha proposta consensuada por parte das asociacións interesadas, para elaborar o listado definitivo, escóllese unha embarcación por asociación seguindo a orde de prioridade proposta e numérase segundo a orde de chegada da solicitude. O listado de embarcacións autorizadas cada semana comunícaselle as asociacións solicitantes. Precisamente faise así para que accedan embarcacións do maior número posible de asociación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:57:28
Nº Rexistro: 25566
Data envío: 29/11/2021 11:57:28.946

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:57:25

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8971**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para posibilitar a realización en centros públicos e de xeito gratuíto dos cursos de mantemento da competencia exixidos aos traballadores do mar”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Con data 27 de xullo de 2020 emitíase oficio polo Director Xeral da Mariña Mercante (órgano dependente do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana) co asunto: medidas administrativas para a revalidación dos certificados de suficiencia caducados ou que van caducar no 2021.

E por este motivo (entre outros) solicitamos unha xuntanza co director do ISM e da Mariña Mercante que se levaron a cabo no mes de setembro de 2020.

Posteriormente emítase a Resolución de 22 de marzo de 2021, de la Dirección General de la Marina Mercante, por la que se determinan las condiciones sobre el procedimiento de revalidación de los certificados de suficiencia del Convenio sobre normas de formación, titulación y guardia para la gente del mar (BOE do 2 de abril de 2021) que refire a consideración de:

A prolongada situación de pandemia e a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

O elevado número de certificados de suficiencia de formación básica en seguridade que caducarán durante este ano, que se suma a unha oferta escasa de cursos reducidos para revalidalos, como consecuencia precisamente da situación de crise sanitaria.

En particular, promóvese unha dobre vía:



Exención de realizar o curso reducido de mantemento da competencia para tripulantes enrolados en determinados buques e tráficos con certificados de suficiencia de formación básica en seguridade, entre eles os buques de pesca menores de 24 m de eslora.

Ampliación da vixencia dos certificados de suficiencia do anexo do Convenio STCW para os tripulantes non contemplados no apartado primeiro: poderán solicitar unha ampliación da fecha de caducidade do certificado que non poderá superar a fecha de realización do curso nin exceder os doce meses desde a solicitude e solo poderá levarse a cabo unha vez.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é especialmente sensible no relativo a formación para o acceso e a renovación dos certificados que dan acceso o exercicio de profesións directamente vinculadas co mar. Froito de dita especial sensibilidade en relación con dito sector profesional a Dirección Xeral puxo en marcha un proceso de licitación para o desenvolvemento de accións formativas para o acceso ou a renovación dos certificados profesionais mediante a contratación de servizos formativos de carácter especializado.

En relación coa citada licitación e de salientar que a mesma se fai por un período de dous anos (con posibilidade de prórroga) e que abrangue os anos 2021 e 2022 e cun importe que vai mais aló do millón de euros, aumentando nun 50% a contía media anual que se viña investindo.

Así:

No relativo ao curso 'Formación Básica en Seguridade Marítima' ofértanse 53 cursos entre 2021 e 2022, que se completa co curso de "Actualización en Formación Básica en Seguridade Marítima" cun total de 25 cursos no ano 2021 e 20 no ano 2022.

Respecto do Curso 'Avanzado de Loita contra incendios' ofértanse 4 cursos entre 2021 e 2022, que se completa co curso 'Actualización Avanzado en loita contra incendios' con 6 cursos no 2021 e 6 no 2022.



No relativo ao curso de 'Embarcacións de supervivencia e botes de rescate non rápidos' ofértanse 2 cursos no ano 2021 e outros 2 no ano 2022, ao que se suman os de 'Actualización de Embarcacións de supervivencia e botes de rescate non rápidos' con 12 cursos no ano 2021 e 14 no ano 2022.

Galicia vai a impartir 254 cursos neste ano 2021 e no 2022, dos cales 146 serán para afrontar esta necesaria renovación dos certificados de suficiencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:35:41
Nº Rexistro: 25499
Data envío: 26/11/2021 13:35:41.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:35:32

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9145**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade do cese de actividade nos bancos marisqueiros que explotan a Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 2 de marzo de 2021, no debate da iniciativa con número de rexistro, 10347, presentada polo mesmo grupo parlamentario. O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2021-03-02?part=e0646733-a03a-41ff-b95f-e06c187b81cb&start=3460>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a pregunta plantexada nesta iniciativa referidas ás medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego para afrontar a mortandade de moluscos nas rías de Arousa e sobre a situación da Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:35:24
Nº Rexistro: 25498
Data envío: 26/11/2021 13:35:24.529

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:35:15

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9318**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de recuperación específico para a pesca artesanal e o marisqueo**”, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O plan de reactivación e dinamización do ámbito marítimo-pesqueiro, denominado Avantemar e dotado de cinco liñas distintas, pretende ser un programa xeral de apoio ao sector ante as importantes perdas acumuladas provocadas pola pandemia da Covid 19. Perdas que, ascenden a 25 millóns de euros en primeira venda, case 60 millóns de euros en perdas inducidas pola falta de actividade e máis de 500 millóns de euros no conxunto da cadea mar-industria.

Por iso, o Executivo galego considerou necesario en 2020 adoptar medidas de maneira urxente para que os profesionais do mar poidan superar as dificultades e volver á normalidade.

O programa de apoios deseñado pola Consellería do Mar, pretendeu atender a todos os sectores e subsectores e fai especial fincapé naqueles profesionais que non se ven beneficiados polas achegas e medidas deseñadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ao amparo da modificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). É o caso das embarcacións que mantiveron a súa actividade durante o estado de alarma para fornecer alimentos á cidadanía a pesar de que a actividade non era rendible.

Ademais dos barcos que paralizaron totalmente a súa actividade durante a crise da covid-19 - que contarán con achegas vía FEMP- o plan Avantemar conta con apoios para aqueles



pesqueiros que seguiron faenando e que sufriron perda de ingresos. Beneficiáronse deles aquelas embarcacións con porto base en Galicia inscritas no rexistro de buques pesqueiros de Galicia que no período comprendido entre o 14 de marzo e o 15 de maio do ano 2020 sufrisen unha caída na facturación superior ao 25% polas vendas efectuadas en lonxas de Galicia en relación á media obtidas no mesmo período dos tres exercicios anteriores.

Esta vía de apoio para a frota que permaneceu activa estivo dotada con máis de 7 millóns de euros, dispostos pola Xunta con fondos propios e a contía mínima a percibir por buque é de 500 euros e a máxima de 40.000 euros.

O plan tamén conta con achegas para as confrarías e entidades xestoras de lonxas que rexistraron perdas debido ao descenso dos seus ingresos durante o período comprendido entre o 14 de marzo e o 14 de maio en relación co mesmo período do ano anterior.

Para estas entidades dispúxose de 600.000 euros procedentes tamén de fondos propios do Executivo autonómico.

Entre os apoios que inclúe Avantemar para os profesionais, destacan os destinados a mariscadores e mariscadoras que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia debido ao peche da canle HORECA, a súa principal canle comercial, e que non puideron beneficiarse polo cesamento de actividade habilitado tras a declaración do estado de alarma. Para estes profesionais o plan contou con máis de 5 millóns de euros con fondo FEMP asignado a Galicia e con fondos propios. Ademais, para paliar os efectos de inactividade no colectivo de redeiras como consecuencia da covid-19, para este sector poxéronse a disposición apoios con fondos propios por valor de 400.000 euros.

Todas estas medidas e outras destinadas a empresas e profesionais enmárcanse na liña de Avantemar relacionada coa súa dinamización e a solvencia xeral, unha das cinco liñas que comprende esta ferramenta. As outras catro son a relacionada coa sustentabilidade, liquidez e financiamento xeral, onde se enmarca, por exemplo, a flexibilización de taxas; a que ten que ver coa adecuación e sostemento das actividades conexas, a relacionada coa reorientación do



sistema económico-comercial pesqueiro para adecuarse á situación social derivada da pandemia e por último a liña de adecuación e flexibilización administrativa.-

O Plan AVANTEMAR contou con 77 millóns de euros en 2020 para o complexo mar-industria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25606
Data envío: 29/11/2021 15:10:11.766

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 15:10:07

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9680**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosa Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai e as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para paliar a falla de remuda xeracional no sector pesqueiro”**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería do Mar apóstase por facer atractiva a actividade da cadea mar-industria ás novas xeracións a través da formación e das melloras de habitabilidade a bordo.

Neste senso, nos últimos dez anos saíron dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar máis de 1.700 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras con atribucións para exercer mando en buques de altura.

A media anual de matriculados medrou nun 60% nesta década, de xeito que se pasou dunha media de 301 matriculados entre 2005 e 2009, a 484 entre 2010 e 2020.

Así, dende a consellería do mar trabállase:

Para avanzar na promoción da remuda xeracional, xa que acadar a remuda xeracional e dispor de persoal formado e cualificado é un dos retos fundamentais que hoxe ten o sector marítimo-pesqueiro, especialmente na pesca de altura, tendo varias vías de traballo abertas para conseguir superalo.

En particular, séguese traballando por achegar a labor das escolas ao sector e por adecuar a



formación ás súas necesidades, cuestión apoiada nos orzamentos:

As contías asignadas á formación medraron nun 4,2% para 2020, o que fai que esta liña de actuación vexa incrementados os seus fondos nun 38% na pasada lexislatura.

Ademais, co maior orzamento dos últimos 10 anos, acometeranse novos proxectos que revaliden experiencias positivas coma a FP dual posta en marcha na Escola Náutica de Vigo e atenderase toda a demanda, de forma progresiva, sempre co obxectivo de seguir sumando novos titulados.

O obxectivo 2020-2024 é mellorar a habitabilidade e a seguridade dos barcos e a renovación da frota como condicións de mellora das condicións laborais imprescindibles para garantir o relevo xeracional no sector pesqueiro.

Aumentar o número de tripulantes dos barcos pesqueiros, afianzar a entrega de novos permex para o marisqueo son feitos que deben levarnos a redobrar a aposta, e na que dende a Consellería do Mar están a traballar desde hai tempo para asentar os alicerces.

Mellorar os barcos para axeitar as súas habilitacións e seguridade, así como traballar na conectividade con terra, son cuestión fundamentais.

Para adecuar os barcos, é precisa a renovación da frota para estes casos con axudas públicas do novo FEMPA. Pero ter barcos novos e adecuados non tería sentido sen ter o persoal formado e coa capacitación para facelos rendibles e competitivos.

De aí que dende a Consellería do Mar se promova a extensión dos programas de FP dual aos centros de Ribeira e IGafa, coa inclusión progresiva de novos proxectos en todos os ciclos e aumento dos alumnos e alumnas matriculados nos mesmos baixo esta fórmula.

Toda esta aposta ha de recollerse en detalle na redacción dun Ditame sobre a reforma da PCP a iniciar de cara a 2022 con propostas e demandas no eido social para conseguir esa axeitada remuda xeracional e un nivel digno de vida e ingresos.



O executivo galego segue a traballar para facer máis atractivo o sector pesqueiro para as novas xeracións con medidas como a petición de axudas europeas para a renovación da frota que permitan mellorar a habitabilidade e as condicións de traballo a bordo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:44:02
Nº Rexistro: 25503
Data envío: 26/11/2021 13:44:02.076

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:43:57

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9828**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da existencia en Galicia de tres corpos inspectores de pesca, dous deles pertencentes ao Estado, cando ten a competencias exclusivas na materia nas augas interiores”**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, e de desenvolvemento e execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro, de conformidade co disposto nos artigos 27.15º e 28.5º, respectivamente, do Estatuto de autonomía de Galicia; inherentes a esas competencias están as de inspección e sanción, a tenor do disposto no seu artigo 37.3º.

Co propósito de asegurar o mantemento e desenvolvemento dos recursos pesqueiros do caladoiro nacional e o cumprimento da lexislación nacional e dos compromisos internacionais asumidos por España, o Ministerio do Interior e o de Agricultura, Pesca e Alimentación subscribiron, o 12 de novembro de 1997, un acordo marco sobre a inspección e vixilancia das actividades de pesca marítima.

Informar que moitas veces a actividade pesqueira e marisqueira ilegal ven asociada a episodios violentos e grupos organizados, polo que o traballo da Garda Civil ten vital importancia e, ademáis lembrar que para realizar controis en estradas e outros puntos é necesaria a participación da Garda Civil e sinalar a importancia dos Programas Anuais de Control Integral de Actividades Pesqueiras (PACIAP), que permite unha coordinación moi importante para o control de produtos do mar extraídos e comercializados ilegalmente.

Dende o Goberno galego consideramos importante lembrar o as especificidades que teñen cada un dos tres corpos, debemos ter en conta que existen controis de buques que deben ser realizados por corpos con competencias para augas internacionais ou con capacidade para



actuar en buques doutras bandeiras, e que existen actividade pesqueiras e marisqueiras ilegais ligadas a actividades violentas que deben ser atacadas, como xa se comentou con anterioridade.

Consideramos que o máis importante xa non é o número de corpos, senón que todos eles estean perfectamente coordinados e cabe destacar o exemplo do bo traballo conxunto que se desenvolve coa participación permanente e continua de efectivos da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, participación que non se limitou ás funcións do servizo de protección de recursos, senón que exerceu, ademais, aquelas propias do Corpo Nacional de Policía que exceden o ámbito estritamente administrativo. Lembrar que Galicia posúe, amais, normas propias, concretamente a Lei 2/2004, do 21 de abril, no seu artigo 2º polo que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, que regula os principios básicos de actuación do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Consideramos importante resaltar o pulo que o Goberno galego da ao orzamento de Gardacostas para 2021, afianzando as liñas de suba que tamén se veñen dando nos últimos anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25511
Data envío: 26/11/2021 14:48:31.076

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 14:48:27

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10338**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai implementar a Xunta de Galicia no futuro inmediato para evitar a situación en que se atopa a frota galega do palangre de superficie a consecuencia da prohibición da comercialización do marraxo acumulado e da imposición da cota de cero capturas para o ano 2021”**, (publicada no BOPG número 96 do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego xa advertiu en decembro de 2019 ao Executivo estatal dos prexuízos da decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica de establecer pola súa conta unhas cantidades de captura de marraxo distintas e inferiores ás recomendadas no seu momento polo ICCAT para a axeitada xestión da especie.

Puxo de manifesto a descoordinación entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e Transición Ecolóxica e Reto Demográfico sobre a comercialización desta especie e demandou unha solución urxente para que se puidese comercializar aquilo que xa foi capturado, sen causar prexuízos á frota, xa de por si castigada pola crise da covid-19.

Esta decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica levou a que por primeira vez se paralizase a pesqueira desta especie, deixando parte das capturas paralizadas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España.

Así, e dende o minuto 1, a preocupación do Goberno galego foi máxima ante a situación de bloqueo da comercialización do marraxo, xa que prexudica seriamente aos barcos galegos de pesca de palangre de superficie e, dende o minuto 1, púxose a traballar de man do sector para lograr unha solución. Así:

- En febreiro de 2020, e dándolle continuidade ás xestións realizadas en decembro de 2019,



a conselleira do Mar demandou da SEGEPESCA a axilización da emisión de certificados de exportación CITES para poder dispoñer do marraxo que viña acumulando nas cámaras frigoríficas.

- En xullo de 2020, A Conselleira do Mar volveu demandar unha solución para esta situación mediante unha carta remitida á SEGEPESCA.

- En setembro de 2020, o Presidente da Xunta remitiu unha carta á Vicepresidenta Cuarta e Ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno de España, sinalando a importancia do problema e a necesidade de obter unha solución equilibrada. Unha carta á que non deu resposta.

É un asunto que o Executivo galego reiterou en distintas ocasións á Administración central, entre elas o presidente do Goberno galego, outra vez, na visita do ministro de agricultura, pesca e alimentación, Luis Planas, a Galicia o 15 de xaneiro de 2021 e coa vicepresidenta cuarta e ministra de Transición Ecolóxica en febreiro de 2021

Por todo o anterior o Goberno galego solicitou ao goberno do estado:

- Axilizar, canto antes, a modificación dos criterios de establecemento das cotas para o marraxo determinados polo MITERD, axustándose ás recomendacións da ICCAT e a emisión de certificado de exportación CITES para poder dispoñer do marraxo que vén acumulando nas cámaras frigoríficas.

- Xestionar axudas (engadidas) para a frota afectada, vista a forte implicación que tiveron as medidas adoptadas para a prevención do COVID e o impacto destas na súa cadea loxística e comercial.

- Ampliar as negociacións para que se poida estender ás partes contratantes de ICCAT e outras ORP similares, as medidas de loita contra o finning que regulan a actividade da frota europea de palangre de superficie.



En febreiro de 2021 a conselleira do Mar, mantivo unha xuntanza de traballo cos representantes da frota de palangre galega e coas empresas transformadoras dependentes dela e, as partes coincidiron na necesidade de que o Goberno central ofrezca unha solución urxente ao bloqueo que está a sufrir a comercialización do marraxo, deixando capturas retidas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España, o que pon en risco a rendibilidade do sector.

Os representantes dos armadores, das empresas transformadores e do Executivo galego lamentaron a falla de coordinación existente entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Vicepresidencia de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico pola que o sector non pode comercializar as capturas realizadas correctamente en aplicación dos totais admisibles de captura (TAC) e cotas autorizados pola Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (Iccat).

Así a Comisión 8ª, pesca e marisqueo, na súa sesión do 16 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo: aprobación por unanimidade sen modificacións:

'O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite ao goberno de España que dea unha solución urxente ao bloqueo actual da comercialización das capturas de marraxo',

O 3 de marzo de 2021, en resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo eurodeputado popular e membro da Comisión de Pesca, Francisco Millán Mon, o Comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevičius, sinala que 'a prohibición de retención total non contribuiría substancialmente á conservación desta especie, e ademais sería contraria á política pesqueira común da Unión e prexudicaría a todas as frotas implicadas'. A Comisión engade que, en consecuencia, a Unión Europea é partidaria de 'permitir, en determinadas circunstancias, a retención e a venda de marraxo dientuso capturado morto'.

Ademais o 1 de abril de 2021 a conselleira do Mar mantivo un encontro por videoconferencia con distintos representantes da frota de palangre de superficie de Galicia no que lles trasladou as conclusións dun informe xurídico encargado pola Xunta de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela sobre o actual bloqueo do goberno central á comercialización do marraxo.



O ditame determina que o veto á importación desta especie, decretado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, constitúe unha 'decisión arbitraria e contraria ao ordenamento xurídico', polo que pode recorrerse por vía administrativa ou contencioso-administrativa.

O informe exposto ao sector incide ademais en que, acreditando que esa actuación administrativa arbitraria derivou en danos económicos á frota, existe a posibilidade de que os afectados reclamen unha responsabilidade patrimonial -danos e prexuízos- á Administración Xeral do Estado pola súa actuación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:34:20
Nº Rexistro: 25494
Data envío: 26/11/2021 13:34:20.185

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:34:09

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12023**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as pretensións do Goberno galego de cambiar a data e o lugar da entrega das medallas Emilia Pardo Bazán”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publica o 31 de maio de 2019 o decreto polo que se crea e regula a Medalla Emilia Pardo Bazán, que ten como obxectivo o recoñecemento público daquelas accións relevantes levadas a cabo en favor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As candidaturas poderán ser propostas directamente por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como calquera Administración pública que considere relevante destacar o labor doutras persoas, entidades, ou institucións.

A distinción poderá ser entregada a persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas que, ao longo da súa traxectoria, teñan contribuído á construción dunha sociedade máis igualitaria.

As candidaturas serán avaliadas por unha comisión de valoración, que estará composta por varios representantes da Xunta de todas as consellerías, pola persoa que exerza no momento a Vicepresidencia segunda do Consello Galego das Mulleres en representación das asociacións e federación de mulleres, e pola persoa que exerza o cargo de director/a ou conservador/a da Casa Museo Emilia Pardo Bazán.

A medalla terá un carácter exclusivamente honorífico e dará dereito a un diploma acreditativo, que non leva consigo ningún tipo de dotación económica. Cada ano concederanse ata un



máximo de tres condecoracións, que revestirán forma de medalla cando sexan a título individual, e placa cando se trate de colectivos, entidades ou institucións.

A entrega de medallas realizarase cada ano o 16 de setembro, día de nacemento da escritora galega, nun acto solemne.

A condecoración leva o nome de Emilia Pardo Bazán por tratarse dunha precursora nas ideas acerca dos dereitos das mulleres e o feminismo, por reivindicar a educación e instrución das mulleres como algo fundamental e por incorporar en todas as súas obras ideas sobre a modernización da sociedade e o acceso das mulleres aos mesmos dereitos e oportunidades que os homes.

O Goberno Galego tiña previsto entregar as primeiras Medallas Emilia Pardo Bazán o 16 de setembro de 2019, pero ante o gravísimo acontecemento sucedido en Valga, cun triplo asasinato machista, decídese anular o acto de entrega e pospoñelo, xa que Galicia estaba de loito, tendo lugar o 9 de decembro dese mesmo ano, no que o presidente da Xunta de Galicia entrega as Medallas Emilia Pardo Bazán, a Olga Sotelo, presidenta da Asociación de diagnosticadas e diagnosticados de cancro de mama, a 'Mulleres de seu', para facer visibles os avances en igualdade no rural, unha iniciativa, cuxa presidenta é a vicepresidenta de Cooperativas Lácteas Unidas, Carmen Rodríguez e a presidenta do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, o Presidente da Xunta quixo agradecer a Ángeles Carmona.

No ano 2020, por mor da pandemia que asolou o mundo, non se puido convocar o premio antes do 16 de setembro, tal e como recolle o decreto de creación das Medallas, así pois, informado o Consello da Xunta o 19 de decembro de 2020, da deliberación da Comisión de Valoración, que debe ser presencial, e que polas circunstancias sanitarias non se puido convocar con anterioridade, e que recoñece o labor de Megumi Shiozawa —a título póstumo—, á Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) e á Asociación Rede Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, acórdase o acto para o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, sendo coincidente ca data do 8 de marzo de 1910, no que se aprobou



unha Real Orde que autorizaba por igual a matrícula de alumnos e alumnas para acceder a Ensinanza Superior, sendo Emilia Pardo Bazán Conselleira de Instrución Pública. Así pois, finalmente e tendo en conta as recomendacións e circunstancias sanitarias, celebrouse na sala Emilia Pardo Bazán, da antiga Fábrica de Tabacos, actual sede da Audiencia Provincial da Coruña”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25683
Data envío: 30/11/2021 14:28:20.533

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:28:17

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2021 da reestruturación do porto de Tupide, en Foz, coa modificación da súa bocana, a dragaxe e a ampliación dos servizos”**, (publicada no BOPG número 112 do 17 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A presidenta de Portos de Galicia estivo reunida o 18 de novembro de 2019 con representantes da asociación Ribeira da Foz (Asociación para a defensa dos intereses dos usuarios e propietarios de embarcacións recreativas e de lecer sitas nas zonas portuarias de uso náutico recreativo en Foz) quen lle trasladaron as súas inquietudes e circunstancia actual de ambas as dársenas de Foz. O último dragado na dársena interior de Foz tivo lugar en 2018 cun orzamento de 410.000 €, o resultado destes traballos, ademais da colocación de máis pantaláns, segundo lle manifestaron foi moi satisfactorio para os usuarios, con todo xa lle trasladaron xa se está colmatando nalgúns puntos, consecuencia isto das características da canle de acceso ao porto, un elemento vivo integrado nun complexo sistema hidrodinámico que fai especialmente difícil o mantemento das condicións de calado.

Facer constar que futuras actuacións encamiñadas a mellorar as instalacións de dragaxe da canle e/ou abrigo no porto de Foz están condicionadas por:

Unha gran repercusión medio ambiental xa que a zona é Rede Natura de Galicia e está caracterizada como:

ZEC: Zona de Especial Conservación

ZEPA: Zona de especial Protección para as Aves

ZEPVN: Zona de especial protección dos Valores naturais

O anterior, fai especialmente complexa a tramitación completa do expediente no que interveñen



distintas administracións e que recolle o seguinte:

Redacción de documento ambiental

Información pública

Consulta a outras administracións en materia de medio ambiente, saúde pública, augas de Galicia, patrimonio natural, dominio público hidráulico marítimo terrestre, costas...

Tramitación do expediente

Redacción de proxecto construtivo

Licitación e contratación das obras

Execución das obras condicionada pola DIA (documento de IA) que xeralmente acota os meses de execución dos traballos.

O importe definitivo das obras relativas á dragaxe da dársena de Porto Chico poderase establecer coa elaboración do proxecto de dragaxe. E o prazo do mesmo virá marcado polo trámite administrativo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 10:29:20
Nº Rexistro: 25638
Data envío: 30/11/2021 10:29:20.908

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 10:29:15

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12591**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“as razóns do recorte que presenta para o ano 2021 a partida orzamentaria de transferencias correntes ás universidades públicas para actuacións de prevención da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 112 do 17 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Dentro das medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero, incluídas á súa vez no ámbito da prevención da violencia de xénero, de acordo co capítulo II do título I da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, lévanse a cabo accións de promoción de formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario. Para o desenvolvemento destas accións, nos anos 2018, 2019, 2020 e 2021 asináronse convenios de colaboración coas Universidades Galegas, financiados con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Mediante o Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, aprobáronse as medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e mediante a Resolución do 3 de agosto de 2018, da Secretaría de Estado de Igualdade, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 3 de agosto de 2018, polo que se formalizaron os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2018 do crédito de 100.000.000€ para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. De acordo con esta resolución, no ano 2018 correspondéronlle a Galicia un total de 8.027.342,48€ do Pacto de Estado. A transferencia deses fondos á Comunidade Autónoma de Galicia non se fixo efectiva ata o mes de setembro de 2018, polo que, ao amparo do previsto na disposición adicional única do Real Decreto-lei 9/2018, os remanentes non comprometidos resultantes ao remate do exercicio orzamentario de 2018 correspondentes ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero incorporáronse ao orzamento de 2019.

Como consecuencia desta operación contable, resultado de aplicar as regras orzamentarias



establecidas a nivel estatal para a xestión dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, no ano 2019 incrementáronse os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para a loita da violencia de xénero, sumándose á contía que lle correspondeu a Galicia para o 2019 (7.989.984,9€), os remanentes non comprometidos de 2018, o que deu lugar, á súa vez, a que no exercicio orzamentario de 2019 os convenios de colaboración coas universidades galegas viran case duplicado o seu importe, -que ascendeu ao total de 300.000€-, froito de sumarlle ao orzamento inicialmente previsto para o ano 2019 os remanentes non comprometidos do ano 2018. Estes convenios de colaboración mantivéronse durante os anos 2020 e 2021, pola contía total de 120.000€ para cada ano, financiándose igualmente con cargo aos fondos do Pacto de Estado para a violencia de xénero que lle corresponderon a Galicia para o ano 2020 (7.939.202,9€) e 2021 (7.879.380,52€), respectivamente. Neste senso cómpre sinalar que, a pesar de que os fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se transfiren a Galicia diminúen cada ano, non obstante, mantéñense inalterables os importes que se transfiren ás universidades galegas a través dos indicados convenios.

Por último, froito da constante colaboración entre as universidades galegas e a Xunta de Galicia, tanto as contías asignadas como as accións a desenvolver son previamente acordadas e consensuadas coas tres universidades, estando a administración autonómica plenamente satisfeita co resultado desta colaboración, tal e como demostra o feito de que estes convenios sigan renovándose anualmente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25678
Data envío: 30/11/2021 14:27:40.908

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:27:37

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14086**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a inclusión do sector marisqueiro de Galicia no novo Regulamento de Control da Pesca da Unión Europea”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de marzo o Pleno do Parlamento Europeo adoptaba a súa posición sobre a reforma do Regulamento de Control, traballando sobre a proposta da Comisión Europea, ao, supostamente, modernizar as medidas de control e execución sen penalizar nin crear excesiva burocracia ao sector.

Nestes meses levaranse a cabo negociacións do Parlamento Europeo coa Comisión Europea e o Consello de Ministros (Estados membros) nos chamados trílogos, tras os que se tomará unha decisión definitiva e se determinará o texto final.

Esto implica que cabe seguir traballando para mellorar o texto e facer que se adecúe ás circunstancias da frota costeira artesanal.

A Consellería do Mar segue traballando e así:

O día 25 de marzo mantivo unha xuntanza coa Directora General de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea para:

Demandar da Comisión Europea unha postura en pro da flexibilización das medidas sinaladas, habida conta das específicas circunstancias que atinxen á nosa frota costeira artesanal.

Rectificar a petición formulada pola Comisión Europea aos eurodeputados/as para que



reorientasen a pretendida flexibilidade e certos aspectos do texto votado polo Parlamento Europeo.

O día 13 de abril mantivo unha xuntanza co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo para:

Expresar e lamentar a rigorosidade do anteproxecto de regulamento europeo de control da pesca pois castiga un labor que xa está ben controlado ao desenvolverse preto da costa.

Manifestar a preocupación e o descontento xerado pola recente aprobación na Eurocámara desta proposta normativa.

Advertir de que medidas introducidas na normativa -como a instalación de cámaras a bordo, a xeolocalización ou o rexistro dixital das declaracións de desembarque- apenas supoñen melloras para o control da actividade e, en cambio, dificultan en gran medida o labor diario dos profesionais do mar, desde a frota de baixura ata o marisqueo.

A conselleira do Mar aposta por mellorar o texto durante o proceso de negociación no marco dos trílogos -os debates entre a Comisión Europea, a Eurocámara e o Consello Europeo- para deseñar un regulamento de control máis adaptado á realidade da frota e que non castigue ao sector.

O presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, trasladou que a prioridade da Eurocámara é seguir traballando para deseñar unha normativa que se adapte perfectamente ás diferentes realidades do sector e ás súas necesidades.

O día 3 de maio a conselleira do Mar mantiña unha xuntanza por videoconferencia co Ministro do Mar de Portugal, como Presidente de turno do Consello de Ministros de Pesca da UE para facer fincapé nestes asuntos e demandar flexibilidade.

Polo tanto, a conselleira do Mar e o sector xa se reuniron coas tres partes dos trílogos para



demandar flexibilidade e poñer sobre a mesa as circunstancias e demandas da nosa frota”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25508
Data envío: 26/11/2021 14:48:06.935

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 14:48:01

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14485**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do nivel de produción das zonas de libre marisqueo da ría de Arousa”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os bancos marisqueiros de Lombos de Ulla, O Boído e Cabío da ría de Arousa conforman unha unidade de xestión na que desenvolven a súa actividade todas as embarcacións con base nalgún porto da ría de Arousa que teñen a modalidade de marisqueo (Z3) ou libre marisqueo (Z3) no seu permiso de explotación.

Lombos do Ulla, O Boído e Cabío son bancos marisqueiros que ata a actualidade foron explotados conformando unha unidade de xestión, e os datos científicos das mostraxes e o seguimento dos mesmos atenden a esta unidade.

A xestión dos bancos mencionados mediante plan de xestión xurde da necesidade de levar a cabo un novo modelo de explotación para o libre marisqueo.

Este modelo foi abordado en diversas reunións co sector dende o ano 2015, e tras un proceso en que as entidades estudaron a conveniencia de traballar mediante plans específicos para zonas de libre marisqueo, sen ter que someterse ás as condicións xerais establecidas para as zonas de libre marisqueo.

No ano 2018 diversas entidades presentaron plan de xestión con estes bancos para a súa aprobación no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de 2019, e do mesmo xeito no ano 2020 presentáronse distintas propostas para a súa inclusión no Plan Xeral do trienio 2021-2023.

Dende a aprobación do plan de xestión estanse a aplicar medidas de conservación, como é o



establecemento de labores de control da explotación que actualmente están dixitalizadas, o desenvolvemento de actividades de semicultivo e ademais dispónse de persoal específico, tanto técnico como gardapescas, para o seguimento da explotación e obtención de datos para unha correcta xestión dos recursos.

Dende o ano 2019 os bancos marisqueiros de Lombos do Ulla, O Boído e Cabío, estanse a explotar mediante un plan específico de xestión aprobado á Asociación de Rañeiras/os da Ría de Arousa.

Este ano a conselleira do Mar mantíña dúas xuntanzas (23 de xaneiro e o 8 de marzo) co Presidente da Asociación de Rañeir@s da Ría de Arousa e membros da Xunta Xeral da Asociación de Rañeiros nas que abordaron diversos temas relacionados co plan de libre marisqueo de Lombos do Ulla, O Boído e Cabío que xestiona a asociación.

Para a actividade marisqueira, que se desenvolve tanto mediante plans específicos de xestión, como plans en zonas de autorización, as entidades asociativas contan co apoio do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020.

A Consellería do Mar, no marco do programa FEMP, puxo a disposición das entidades liñas de axudas para proxectos colectivos de conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables. Así entre os anos 2017 e 2020 executáronse 41 proxectos nas confrarías da Ría de Arousa, que suporían un importe total de preto de 1,6 millón de euros (1.584.872,78€), e actuarían sobre unha superficie de case medio millón de metros cadrados (491.375 m²) e ademais incluírían sementeiras de preto de 20 millóns de unidades de ameixa babosa (19.775.031 unidades).

Ademais nos últimos anos a Consellería do Mar ven promovendo diversos proxectos de investigación para o control e mellora da produción marisqueira nas zonas de libre marisqueo da ría de Arousa, así como para aumentar o coñecemento sobre a marteilíose do berberecho, como base para poder mellorar a xestión e evitar os prexudiciais efectos económicos da enfermidade.



Un total de 9 proxectos por un importe total de máis de 1 millón de euros (1.013.986 €)

Estas investigacións desenvólvense a través de accións de investigación de Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), independentemente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións de ámbito nacional ou comunitario.

Durante o ano 2021 esta previsto continuar co seguimento do estado deste banco marisqueiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 12:39:25
Nº Rexistro: 25660
Data envío: 30/11/2021 12:39:25.533

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 12:39:20

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15088**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política da Xunta de Galicia para o emprendemento relacionado coa pesca fluvial”**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro é unha asociación sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e da normativa de aplicación do Estado e da Comunidade Autónoma.

As EDLP concibidas e postas en práctica polos grupos de acción local do sector pesqueiro son o principal instrumento para o logro da prioridade cuarta da UE de aumentar o emprego e a cohesión territorial mediante o obxectivo específico seguinte: O fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade e á mobilidade laboral nas comunidades pesqueiras e acuícolas, incluíndo a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima.

O GALP é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da EDLP da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten.

O Desenvolvemento Local Participativo (DLP) establécese no título III, capítulo II do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello.



O desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras e acuícolas establécese nos artigos 58 a 64 do Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:57:03
Nº Rexistro: 25563
Data envío: 29/11/2021 11:57:03.868

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:56:59

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16572**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da existencia en Monforte de Lemos dun centro de traballo dependente dunha administración pública que mantén salarios inferiores para as mulleres con respecto aos seus compañeiros varóns”**, (publicada no BOPG número 147 do 2 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Trátase dunha situación competencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social, organismo que ten asignado legalmente o control das relacións laborais, podendo en casos como os descritos, e en suposto de comprobación destes feitos, iniciar os correspondentes expedientes sancionadores e liquidatorios de cotas da Tesourería Xeral da Seguridade Social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25675
Data envío: 30/11/2021 14:27:16.721

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:27:12

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17454**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o censo único de persoas usuarias de residencias de maiores anunciado pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Optimizar os fluxos de información das residenciais e dos seus usuarios cun censo común constitúe un primeiro paso na remodelación da atención residencial e na integración sociosanitaria.

Este rexistro permitirá dispoñer dun axeitado control do número de usuarios dos centros de maiores e discapacidade autorizados pola Consellería de Política Social.

O censo materialízase mediante un rexistro informático das altas e baixas nos centros residenciais públicos e privados. Recollerá os datos de filiación do usuario, a data de ingreso así como a data e causa de baixa na residencia (falecemento, traslado, ou ingreso hospitalario). Actualizarase diariamente e estará integrado informáticamente coas aplicacións tanto do sistema sanitario (historia clínica electrónica) como coa aplicación informática de xestión de centros residenciais públicos actual, ofertándose a conexión ás aplicacións informáticas de xestión de centros alleas.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25732
Data envío: 01/12/2021 14:54:07.359

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/12/2021 14:54:04

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6981**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a realización por parte do Goberno galego dalgún tipo de seguimento ás mulleres ás que se lles denega a prestación económica de carácter periódico para vítimas de violencia de xénero por razóns de incumprimento ou non-acreditación dalgúns dos requisitos das bases da convocatoria, co fin de emendar eses erros, e a previsión de establecer un protocolo interinstitucional para que ningunha muller vítima quede sen a prestación por razóns burocráticas**”, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero son axudas económicas que teñen a natureza de subvencións públicas e que, polo tanto, están suxeitas na súa tramitación á normativa en materia de subvencións, tal e como así se establece na resolución pola que se convocan anualmente estas axudas. Neste senso é preciso sinalar que, se ben para a súa concesión non se establece un procedemento de concorrencia competitiva (non existe unha prelación entre as solicitudes), non obstante, a concesión debe tramitarse tendo en conta, en todo caso, os principios recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que entre outros establece os principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.



Deste xeito, mediante Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 1, de 2 de xaneiro), modificada a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG núm. 36, de 20 de febreiro), aprobáronse as bases reguladoras para a concesión da dita prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, en cuxo artigo 5 se establecen os requisitos necesarios para poder ser beneficiaria destas axudas.

En consecuencia, da aplicación das bases reguladoras da subvención resulta que para a concesión das axudas é preciso que as persoas solicitantes cumpran uns determinados requisitos fixados obxectivamente, o cal da lugar, no caso de incumprimento, á denegación da subvención. Así o establece a propia Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo a cal só poderán ter a condición de persoas beneficiarias dunha subvención aquelas que 'se atope na situación que lexítima a súa concesión'.

Polo tanto, en ningún caso a causa de denegación das prestacións periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero obedece a un simple "problema burocrático", xa que nestes casos sempre se busca unha solución dentro do marco legal previsto na Lei de subvencións e na Lei reguladora do procedemento administrativo- como a posibilidade de corrección a través de requirimentos de emenda, ampliación de prazos nos casos establecidos, mellora voluntaria da solicitude, achega de documentación complementaria, etc-.

Os supostos nos que se denega a subvención son aqueles nos que quedou acreditado, despois da correspondente tramitación do expediente, que a persoa solicitante non cumpría algún ou varios dos requisitos obxectivos previstos no artigo 5 das bases reguladoras, que en ningún caso obedecen a simples 'problemas burocráticos', xa que neste último caso terían sido obxecto de emenda e corrección



dentro do marco legal establecido para a tramitación do procedemento administrativo de subvención.

En relación ao requisito do artigo 5.1.b) das bases reguladoras, -'Ter cesado a convivencia co agresor, ou coa persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude'-, é preciso sinalar que a finalidade da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, de acordo co artigo 39 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (e que neste precepto mantén a redacción dada no ano 2007), é posibilitar que as vítimas rachen coa situación de dependencia económica respecto do agresor, que as obriga á convivencia con el e lles impide afrontar o seu futuro de maneira independente, e mais tentar axudalas a romper coa situación de violencia de xeito definitivo.

Respecto da flexibilización dos restantes requisitos, o 19 de decembro de 2018 foi aprobada no pleno do Parlamento de Galicia unha proposición non de lei pola que se insta á Xunta de Galicia a modificar a resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, previstas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, coa finalidade de crear un novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda superior a 1,5 veces o IPREM e menor ou igual a dúas veces o IPREM como punto de partida, engadindo situacións complementarias (menores a cargo, discapacidade e dependencia), xa recollidas nas bases reguladoras e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

Por último, en relación ao seguimento das mulleres ás que se lles denegou a prestación, cómpre sinalar que naqueles supostos nos que é previsible que se produza



un cambio nas circunstancias persoais da muller, que dea lugar a que desapareza a causa obxectiva pola que se denegou a subvención, dende a Secretaría Xeral da Igualdade lévase a cabo a correspondente orientación e o conseguinte asesoramento para que, nestes casos, as mulleres poidan volver solicitar a axuda, xa sexa directamente se foron elas as que pediron a solicitude ou, no seu caso, remitíndoas aos seus centros de referencia, cando xa foran previamente eses centros os que tramitaran solicitude inicial (servizos sociais dos concellos, Centros de Información ás Mulleres, etc), facilitándolles toda a información necesaria e os recursos dispoñibles ao seu alcance para volver a pedir a axuda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25684
Data envío: 30/11/2021 14:28:28.455

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:28:25

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7803**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as principais novidades que se incorporaron no proceso de actualización do Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia (Plan CAMGAL) achega unha resposta áxil e coordinada ante unha eventual continxencia por contaminación. O documento recolle un conxunto de normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta das administracións públicas fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte o litoral da nosa Comunidade.

Este plan supón un avance na preparación da Comunidade Autónoma nesta materia e promove unha utilización racional dos medios materiais existentes. CAMGAL ten como obxectivo obter a máxima protección para as persoas, o ambiente e os bens que resulten afectados ante unha eventual continxencia.

Defínense como obxectivos específicos do plan os seguintes:

Planificar e coordinar, no ámbito das súas responsabilidades, as actuacións dos medios materiais e humanos adscritos ao Plan CAMGAL coas actuacións dos distintos medios capaces de realizar operacións de loita contra a contaminación mariña accidental, pertencentes ás diversas administracións, así como a institucións públicas e privadas.

Potenciar a utilización axeitada e a mellora dos medios de loita contra a contaminación mariña accidental adscritos ao plan, así como fomentar a capacitación de persoal especializado a nivel territorial.



Entre as principais novidades con respecto ao anterior plan, CAMGAL inclúe unha maior cobertura do risco, ao incluír por primeira vez puntos específicos na loita contra a contaminación mariña accidental provocada por substancias nocivas e potencialmente perigosas (SNPP).

Nos procedementos de actuación o Plan introduce tamén a recolla e regulación da actuación do voluntariado nas tarefas de resposta, diferenciando entre o voluntariado profesional do mar e o voluntariado non profesional nas operacións en terra. Así mesmo, por primeira vez recóllese e foméntase a correcta recolla de evidencias para a xestión de compensacións.

O plan inclúe tamén un atlas para a limpeza da costa nestes casos dependendo do lugar, do tipo de alcance e da vertedura.

Outro aspecto relevante é a inclusión, por primeira vez, da obrigatoriedade de elaboración de plans locais por parte dos concellos litorais, implicándoos na loita contra a contaminación mariña accidental, co fin de minimizar os seus efectos negativos nos recursos socioeconómicos e ambientais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:58:57
Nº Rexistro: 25575
Data envío: 29/11/2021 11:58:57.258

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:58:53

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7807**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os obxectivos, as liñas de actuación e a cifra total que se vai mobilizar do Plan Avantemar”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O plan de reactivación e dinamización do ámbito marítimo-pesqueiro, denominado Avantemar e dotado de cinco liñas distintas, pretende ser un programa xeral de apoio ao sector ante as importantes perdas acumuladas provocadas pola pandemia da Covid 19. Perdas que, ascenden a 25 millóns de euros en primeira venda, case 60 millóns de euros en perdas inducidas pola falta de actividade e máis de 500 millóns de euros no conxunto da cadea mar-industria.

Por iso, o Executivo galego considerou necesario en 2020 adoptar medidas de maneira urxente para que os profesionais do mar poidan superar as dificultades e volver á normalidade.

O programa de apoios deseñado pola Consellería do Mar, pretendeu atender a todos os sectores e subsectores e fai especial fincapé naqueles profesionais que non se ven beneficiados polas achegas e medidas deseñadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ao amparo da modificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). É o caso das embarcacións que mantiveron a súa actividade durante o estado de alarma para fornecer alimentos á cidadanía a pesar de que a actividade non era rendible.

Ademais dos barcos que paralizaron totalmente a súa actividade durante a crise da covid-19 - que contarán con achegas vía FEMP- o plan Avantemar conta con apoios para aqueles



pesqueiros que seguiron faenando e que sufriron perda de ingresos. Beneficiáronse deles aquelas embarcacións con porto base en Galicia inscritas no rexistro de buques pesqueiros de Galicia que no período comprendido entre o 14 de marzo e o 15 de maio do ano 2020 sufrisen unha caída na facturación superior ao 25% polas vendas efectuadas en lonxas de Galicia en relación á media obtidas no mesmo período dos tres exercicios anteriores.

Esta vía de apoio para a frota que permaneceu activa estivo dotada con máis de 7 millóns de euros, dispostos pola Xunta con fondos propios e a contía mínima a percibir por buque é de 500 euros e a máxima de 40.000 euros.

O plan tamén conta con achegas para as confrarías e entidades xestoras de lonxas que rexistraron perdas debido ao descenso dos seus ingresos durante o período comprendido entre o 14 de marzo e o 14 de maio en relación co mesmo período do ano anterior.

Para estas entidades dispúxose de 600.000 euros procedentes tamén de fondos propios do Executivo autonómico.

Entre os apoios que inclúe Avantemar para os profesionais, destacan os destinados a mariscadores e mariscadoras que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia debido ao peche da canle HORECA, a súa principal canle comercial, e que non puideron beneficiarse polo cesamento de actividade habilitado tras a declaración do estado de alarma. Para estes profesionais o plan contou con máis de 5 millóns de euros con fondo FEMP asignado a Galicia e con fondos propios. Ademais, para paliar os efectos de inactividade no colectivo de redeiras como consecuencia da covid-19, para este sector puxéronse a disposición apoios con fondos propios por valor de 400.000 euros.

Todas estas medidas e outras destinadas a empresas e profesionais enmárcanse na liña de Avantemar relacionada coa súa dinamización e a solvencia xeral, unha das cinco liñas que comprende esta ferramenta. As outras catro son a relacionada coa sustentabilidade, liquidez e financiamento xeral, onde se enmarca, por exemplo, a flexibilización de taxas; a que ten que ver coa adecuación e sostemento das actividades conexas, a relacionada coa reorientación do sistema económico-comercial pesqueiro para adecuarse á situación social derivada da



pandemia e por último a liña de adecuación e flexibilización administrativa.

O Plan AVANTEMAR contou con 77 millóns de euros en 2020 para o complexo mar-industria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:58:48
Nº Rexistro: 25574
Data envío: 29/11/2021 11:58:48.883

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:58:41

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 7809, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o importe total e o obxectivo das axudas extraordinarias de compensación ás redeiras dentro do Plan Avantemar**”, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O DOG do 10 de xullo de 2020, publicaba a orde do 9 de xullo de 2020 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de axudas aos armadores de buques pesqueiros con porto base en Galicia e ás persoas redeiras para compensar a perda de ingresos como consecuencia da pandemia de COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

En Galicia o colectivo de redeiras viu como se reducían os seus ingresos durante a alerta sanitaria como consecuencia do freo da actividade pesqueira, polo que foi fundamental apoiar a súa reactivación.

Así, esta orde tivo por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión e a convocatoria para 2020, de axudas destinadas por un lado aos armadores de buques pesqueiros con porto base en Galicia, e por outro ás persoas redeiras, para compensar a diminución de ingresos debido ao estado de alarma decretado polo Goberno de España mediante o Real decreto 463/2020 e as súas sucesivas prórrogas.

O orzamento para o ano 2020 desta orde de axudas foi de 7.700.000 € e desta cantidade total, 7.300.000 € destínanse aos/ás armadores/as de buques pesqueiros e 400.000 € ás persoas redeiras.

A contía da axuda para as persoas redeiras foi:



A subvención consistiu nunha axuda directa con pagamento único por importe de 450 €.

Para determinar o dereito a percibir a subvención calculouse a media mensual dos ingresos obtidos pola persoa solicitante no ano 2019, así como a media dos ingresos obtidos no período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 15 de maio de 2020.

Entenderase que existen perdas económicas sempre que a media mensual dos ingresos obtidos no ano 2019 sexa superior á media de ingresos obtidos no período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 15 de maio de 2020.

Foron beneficiarias destas axudas todas aquelas persoas que realicen a actividade de redeira e estean afiliadas ao réxime especial de traballadores do mar por conta propia e integrada nunha asociación de redeiras na Comunidade Autónoma de Galicia que levasen a cabo a actividade de armado de redes no ano natural anterior á data de presentación da solicitude”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 25573
Data envío: 29/11/2021 11:58:36.915

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:58:29

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7811**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o orzamento para levar a cabo os traballos técnicos para a dragaxe dentro das infraestruturas portuarias de Galicia, os portos beneficiados, os prazos e o balance dos traballos de dragaxe efectuados”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 4 de xullo de 2020 a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, iniciou o expediente de licitación do servizo de redacción de estudos ambientais e proxectos de dragaxe para diversos peiraos autonómicos. Esta actuación conta cun orzamento base de licitación de 1,6 millóns de euros e contempla traballos técnicos para 30 peiraos de titularidade autonómica.

Dado que a gran maioría das actuacións para infraestruturas portuarias que afectan á lámina de auga precisan de tramitación ambiental, e ante a necesidade de acometer actuacións de dragaxe e recuperación de calado nun gran número de portos a curto e medio prazo, é preciso dinamizar os traballos técnicos previos cunha visión conxunta. Por este motivo, Portos de Galicia iniciou a contratación do servizo de redacción destes traballos.

Así detectáronse necesidades neste sentido en 10 portos da costa cantábrica, 15 na provincia da Coruña e sete da provincia de Pontevedra. Na zona norte, realizaranse estudos técnicos sen carácter exclusivo para portos como Burela, Cariño, Cedeira, Foz, O Barqueiro, A Pobra, Camariñas, Malpica, Pontedeume, Portosín, Rianxo, Testal, Meloxo, Corbaceiras-Pontevedra ou Tragove.

O prazo deste servizo será de dous anos e o expediente de licitación contempla a posibilidade



de prórroga dun terceiro en función das necesidades do propio traballo de campo. As bases da licitación atópanse a disposición dos interesados na páxina web de Portos de Galicia así como na plataforma xeral de Contratos de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:58:25
Nº Rexistro: 25572
Data envío: 29/11/2021 11:58:25.149

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:58:21

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8247, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitarlles aos traballadores do mar que teñan que facer en centros privados os cursos de mantemento da competencia dirixidos á renovación ou á obtención do certificado de suficiencia, así como o seu custo, e as que vai desenvolver para que este poida ser público e gratuito no ano 2021”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Con data 27 de xullo de 2020 emitíase oficio polo Director Xeral da Mariña Mercante (órgano dependente do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana) co asunto: medidas administrativas para a revalidación dos certificados de suficiencia caducados o que van a caducar no 2021.

E por este motivo (entre outros) solicitamos unha xuntanza co Director do ISM e da Mariña Mercante que se levaron a cabo no mes de setembro de 2020.

Posteriormente emítase a Resolución de 22 de marzo de 2021, de la Dirección General de la Marina Mercante, por la que se determinan las condiciones sobre el procedimiento de revalidación de los certificados de suficiencia del Convenio sobre normas de formación, titulación y guardia para la gente del mar (BOE do 2 de abril de 2021) que refire a consideración de:

A prolongada situación de pandemia e a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

O elevado número de certificados de suficiencia de formación básica en seguridade que caducarán durante este ano, que se suma a unha oferta escasa de cursos reducidos para revalidalos, como consecuencia precisamente da situación de crise sanitaria.



En particular, promóvese unha dobre vía:

Exención de realizar o curso reducido de mantemento da competencia para tripulantes enrolados en determinados buques e tráfico con certificados de suficiencia de formación básica en seguridade, entre eles os buques de pesca menores de 24 m de eslora.

Ampliación da vixencia dos certificados de suficiencia do anexo do Convenio STCW para os tripulantes non contemplados no apartado primeiro: poderán solicitar unha ampliación da fecha de caducidade do certificado que non poderá superar a fecha de realización do curso nin exceder os doce meses desde a solicitude e solo poderá levarse a cabo unha vez.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é especialmente sensible no relativo a formación para o acceso e a renovación dos certificados que dan acceso o exercicio de profesións directamente vinculadas co mar. Froito de dita especial sensibilidade en relación con dito sector profesional a Dirección Xeral puxo en marcha un proceso de licitación para o desenvolvemento de accións formativas para o acceso ou a renovación dos certificados profesionais mediante a contratación de servizos formativos de carácter especializado.

En relación coa citada licitación e de salientar que a mesma se fai por un período de dous anos (con posibilidade de prórroga) e que abrangue os anos 2021 e 2022 e cun importe que vai mais aló do millón de euros, aumentando nun 50% a contía media anual que se viña investindo.

Así:

No relativo ao curso 'Formación Básica en Seguridade Marítima' ofértanse 53 cursos entre 2021 e 2022, que se completa co curso de 'Actualización en Formación Básica en Seguridade Marítima' cun total de 25 cursos no ano 2021 e 20 no ano 2022.

Respecto do Curso 'Avanzado de Loita contra incendios' ofértanse 4 cursos entre 2021 e 2022, que se completa co curso 'Actualización Avanzado en loita contra incendios' con 6 cursos no



2021 e 6 no 2022.

No relativo ao curso de 'Embarcacións de supervivencia e botes de rescate non rápidos' ofértanse 2 cursos no ano 2021 e outros 2 no ano 2022, ao que se suman os de 'Actualización de Embarcacións de supervivencia e botes de rescate non rápidos' con 12 cursos no ano 2021 e 14 no ano 2022.

Galicia vai a impartir 254 cursos neste ano 2021 e no 2022, dos cales 146 serán para afrontar esta necesaria renovación dos certificados de suficiencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:36:10
Nº Rexistro: 25501
Data envío: 26/11/2021 13:36:10.670

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:36:03

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8249, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego e as que vai implementar a Consellería do Mar para evitar a situación que está a padecer a frota palangreira galega na actualidade a consecuencia da acumulación de marraxo sen comercializar, así como a valoración que fai da limitación establecida para as capturas do marraxo”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego xa advertiu en decembro de 2019 ao Executivo estatal dos prexuízos da decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica de establecer pola súa conta unhas cantidades de captura de marraxo distintas e inferiores ás recomendadas no seu momento polo ICCAT para a axeitada xestión da especie.

Puxo de manifesto a descoordinación entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e Transición Ecolóxica e Reto Demográfico sobre a comercialización desta especie e demandou unha solución urxente para que se puidese comercializar aquilo que xa foi capturado, sen causar prexuízos á frota, xa de por si castigada pola crise da covid-19.

Esta decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica levou a que por primeira vez se paralizase a pesqueira desta especie, deixando parte das capturas paralizadas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España.

Así, e dende o minuto 1, a preocupación do Goberno galego foi máxima ante a situación de bloqueo da comercialización do marraxo, xa que prexudica seriamente aos barcos galegos de pesca de palangre de superficie e, dende o minuto 1, púxose a traballar de man do sector para lograr unha solución. Así:

- En febreiro de 2020, e dándolle continuidade ás xestións realizadas en decembro de 2019,



a conselleira do Mar demandou da SEGEPESCA a axilización da emisión de certificados de exportación CITES para poder dispoñer do marraxo que viña acumulando nas cámaras frigoríficas.

- En xullo de 2020, A Conselleira do Mar volveu demandar unha solución para esta situación mediante unha carta remitida á SEGEPESCA.

- En setembro de 2020, o Presidente da Xunta remitiu unha carta á Vicepresidenta Cuarta e Ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno de España, sinalando a importancia do problema e a necesidade de obter unha solución equilibrada. Unha carta á que non deu resposta.

É un asunto que o Executivo galego reiterou en distintas ocasións á Administración central, entre elas o presidente do Goberno galego, outra vez, na visita do ministro de agricultura, pesca e alimentación, Luis Planas, a Galicia o 15 de xaneiro de 2021 e coa vicepresidenta cuarta e ministra de Transición Ecolóxica en febreiro de 2021

Por todo o anterior o Goberno galego solicitou ao goberno do estado:

- Axilizar, canto antes, a modificación dos criterios de establecemento das cotas para o marraxo determinados polo MITERD, axustándose ás recomendacións da ICCAT e a emisión de certificado de exportación CITES para poder dispoñer do marraxo que vén acumulando nas cámaras frigoríficas.

- Xestionar axudas (engadidas) para a frota afectada, vista a forte implicación que tiveron as medidas adoptadas para a prevención do COVID e o impacto destas na súa cadea loxística e comercial.

- Ampliar as negociacións para que se poida estender ás partes contratantes de ICCAT e outras ORP similares, as medidas de loita contra o finning que regulan a actividade da frota europea de palangre de superficie.



En febreiro de 2021 a conselleira do Mar, mantivo unha xuntanza de traballo cos representantes da frota de palangre galega e coas empresas transformadoras dependentes dela e, as partes coincidiron na necesidade de que o Goberno central ofrezca unha solución urxente ao bloqueo que está a sufrir a comercialización do marraxo, deixando capturas retidas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España, o que pon en risco a rendibilidade do sector.

Os representantes dos armadores, das empresas transformadores e do Executivo galego lamentaron a falla de coordinación existente entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Vicepresidencia de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico pola que o sector non pode comercializar as capturas realizadas correctamente en aplicación dos totais admisibles de captura (TAC) e cotas autorizados pola Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (Iccat).

Así a Comisión 8ª, pesca e marisqueo, na súa sesión do 16 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo: aprobación por unanimidade sen modificacións:

'O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite ao goberno de España que dea unha solución urxente ao bloqueo actual da comercialización das capturas de marraxo',

O 3 de marzo de 2021, en resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo eurodeputado popular e membro da Comisión de Pesca, Francisco Millán Mon, o Comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevičius, sinala que 'a prohibición de retención total non contribuiría substancialmente á conservación desta especie, e ademais sería contraria á política pesqueira común da Unión e prexudicaría a todas as frotas implicadas'. A Comisión engade que, en consecuencia, a Unión Europea é partidaria de 'permitir, en determinadas circunstancias, a retención e a venda de marraxo dientuso capturado morto'.

Ademais o 1 de abril de 2021 a conselleira do Mar mantivo un encontro por videoconferencia con distintos representantes da frota de palangre de superficie de Galicia no que lles trasladou as conclusións dun informe xurídico encargado pola Xunta de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela sobre o actual bloqueo do goberno central á comercialización do



marraxo.

O ditame determina que o veto á importación desta especie, decretado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, constitúe unha 'decisión arbitraria e contraria ao ordenamento xurídico', polo que pode recorrerse por vía administrativa ou contencioso-administrativa.

O informe exposto ao sector incide ademais en que, acreditando que esa actuación administrativa arbitraria derivou en danos económicos á frota, existe a posibilidade de que os afectados reclamen unha responsabilidade patrimonial -danos e prexuízos- á Administración Xeral do Estado pola súa actuación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:35:55
Nº Rexistro: 25500
Data envío: 26/11/2021 13:35:55.685

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:35:49

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8250, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á resposta que lles dá ás necesidades do sector do mar o actual funcionamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a valoración que fai da detección de toxina nos bancos marisqueiros de Noia pola confraría na última fin de semana do mes de setembro e as súas intencións respecto da ampliación dos servizos do Intecmar ás fins de semana e festivos”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O labor desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permite que Galicia conte co programa de control das zonas de produción de moluscos máis intensivo de Europa e que poida protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. O centro realizou preto de 74.500 análises en 2020 e emitiu preto de 7.000 resolucións de apertura e peche de zonas e informes de seguridade alimentaria cumprindo en todo momento e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis. Ademais o Intecmar é o único laboratorio europeo que ten toda a información en tempo real na súa web a disposición de investigadores e cidadáns.

En canto as resolucións de apertura e peche das zonas de produción son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas e notifícanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios entre os que se atopan asociacións de produtores de mexillón, confrarías de pescadores, depuradores ou cocedoiros, entre outros. Lembrar que o traballo do centro vai desde sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente cumprindo todo o establecido en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños así como na protección e mellora da calidade do medio mariño.



O Intecmar establece os peches e aperturas das zonas de produción en base aos controis que realiza e que, nalgúns casos, pódense decretar peches cautelares por precaución de acordo co propio sector e mantendo o exhaustivo seguimento das zonas que adoita realizar, superando con moito a frecuencia mínima fixada pola lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Lembrar, que a Unión Europea estableceu o denominado como método químico como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar. Así, ata o 31 de decembro de 2014 este método conviviu en Galicia e en Europa co do bioensaio, pero dende o ano 2015 o método químico é de aplicación única e exclusiva, con efectos legais.

Este cambio de método foi moi discutido desde o propio sector e por autoridades científicas e administracións, como é o caso de Galicia, chegando incluso á súa impugnación xudicial.

A Xunta sempre sostivo que o método químico é máis lento, non aporta maior seguridade para os consumidores, ten maior nivel de incerteza e que ademais é máis caro que o método do bioensaio que se empregou sempre en Galicia para detectar a presenza de calquera tipo de toxina”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 12:39:51
Nº Rexistro: 25663
Data envío: 30/11/2021 12:39:51.236

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 12:39:47

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8252, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “o coñecemento polo Goberno galego da situación existente no Servizo de Gardacostas de Galicia, a valoración que fai do grao de cumprimento pola empresa Babcock España das cláusulas do contrato para a operación e o mantemento dos helicópteros e a súa opinión en relación coas melloras que supuxo a privatización do servizo, así como as súas previsións respecto da súa recuperación e xestión pública”, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, concretamente a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, como unidade responsable da execución do contrato, leva un exhaustivo control e seguimento da execución correcta do servizo nos termos establecidos nos pregos que rexen na licitación.

Tal como se esixe nos pregos a empresa comunica de forma inmediata calquera incidencia que afecte á operatividade das bases e, esta comunicación realízase ao Centro de Emerxencias do Servizo de Gardacostas e queda rexistrada no Centro de Control da empresa contratista.

Por outra parte, ao abeiro do estipulado nos pregos, a Consellería realiza periodicamente actuacións de inspección ‘in situ’ para comprobar a correcta execución do contrato.

Como consecuencia destas actuacións de control e inspección ditáronse, ao longo da vixencia deste contrato (outubro de 2017), 4 resolucións de imposición de penalidades por incumprimentos puntuais das obrigas establecidas nos pregos de condicións.



Cando a Consellería do Mar comprobou ou tivo coñecemento dalgún incumprimento contractual procedeu a tramitar o correspondente expediente de imposición de penalidades concluíndo nalgúns destes expedientes na imposición de penalidades.

Pero en ningún caso esta consellería considera que se está a producir un incumprimento sistemático por parte da empresa adxudicataria das obrigas contractuais.

De feito, se temos en conta a operatividade das bases, hai que concluír que a execución do contrato está sendo satisfactoria, cun promedio de operatividade da máis do 94%

Este dato reflicten unha dispoñibilidade das aeronaves moi alta, o cal que non é fácil acadar nun contrato tan complexo, no que as aeronaves son obxecto de continuas revisións e mantementos e no que calquera pequena avaría supón a imposibilidade de voar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:58:05
Nº Rexistro: 25570
Data envío: 29/11/2021 11:58:05.258

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:58:00

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8254, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do sistema que está a utilizar para a distribución entre as embarcacións do cerco de Galicia das cinco licenzas para faenaren simultánea e semanalmente nas augas interiores do País Vasco, e as súas intencións respecto do deseño e da aprobación, de acordo co sector, dun novo sistema para ese fin”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 204/1994, de 7 de junio, por el que se regula el ejercicio de la pesca con determinadas artes en las costas del País Vasco, prohíbe a pesca por medio de artes de cerco dentro das augas interiores da Comunidade Autónoma de Euskadi. Non obstante o art. 3 do citado decreto establece que o Departamento de Desenvolvemento Económico e Infraestruturas poderá outorgar autorizacións temporais para o exercicio da pesca con artes de cerco en augas interiores do País Vasco.

Os criterios de outorgamento destas autorizacións foron aprobados con data do 9 de setembro de 2008 e entre as condicións remitidas polo devandito Departamento atópanse a autorización dun máximo de cinco embarcacións de xeito simultáneo e a comunicación do nome das embarcacións autorizadas semanalmente a mais tardar o xoves da semana anterior.

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica encárgase dende o ano 2008, de realizar esta xestión facendo de intermediario entre o Goberno da Comunidade Autónoma do País Vasco e as asociacións interesadas. Dende esa data, a operativa non tivo modificacións substanciais e foi sempre coñecida polas asociacións solicitantes.

Antes do inicio de cada campaña, recíbense nesa Dirección Xeral as solicitudes para faenar en augas interiores do País Vasco e no orde no que van chegando remítense á Comunidade Autónoma de Euskadi para que esta Comunidade, de ser o caso, proceda a emitir as



autorizacións oportunas.

No momento que se reciben nesa Dirección Xeral as devanditas autorizacións son remitidas ás asociacións solicitantes. Unha vez recibida a autorización, a entidade solicitante correspondente deberá comunicar antes do xoves de cada semana aqueles barcos da súa Asociación que estean interesados, debendo enviar por correo electrónico as solicitudes a partir do luns da semana en cuestión.

Tendo en conta que, por unha banda, non poden entrar mais de cinco embarcacións simultaneamente por semana e que, por outra banda, o número de solicitudes é superior a esa cantidade, se lles solicita as asociacións que establezan unha orde de preferencia respecto das embarcacións que envían.

Como criterio, e ante a carencia de ningunha proposta consensuada por parte das asociacións interesadas, para elaborar o listado definitivo, escóllese unha embarcación por asociación seguindo a orde de prioridade proposta e numérase segundo a orde de chegada da solicitude. O listado de embarcacións autorizadas cada semana comunícaselle as asociacións solicitantes. Precisamente faise así para que accedan embarcacións do maior número posible de asociación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:57:55
Nº Rexistro: 25569
Data envío: 29/11/2021 11:57:55.821

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:57:51

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8267, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas ao posible incumprimento das cláusulas do contrato para a prestación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia pola empresa adxudicataria e as súas previsións respecto do inicio das necesarias para recuperar a súa xestión pública”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, concretamente a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, como unidade responsable da execución do contrato, leva un exhaustivo control e seguimento da execución correcta do servizo nos termos establecidos nos pregos que rexen na licitación.

Tal como se esixe nos pregos a empresa comunica de forma inmediata calquera incidencia que afecte á operatividade das bases e, esta comunicación realízase ao Centro de Emerxencias do Servizo de Gardacostas e queda rexistrada no Centro de Control da empresa contratista.

Por outra parte, ao abeiro do estipulado nos pregos, a Consellería realiza periodicamente actuacións de inspección ‘in situ’ para comprobar a correcta execución do contrato.

Como consecuencia destas actuacións de control e inspección ditáronse, ao longo da vixencia deste contrato (outubro de 2017), 4 resolucións de imposición de penalidades por incumprimentos puntuais das obrigas establecidas nos pregos de condicións.



Cando a Consellería do Mar comprobou ou tivo coñecemento dalgún incumprimento contractual procedeu a tramitar o correspondente expediente de imposición de penalidades concluíndo nalgúns destes expedientes na imposición de penalidades.

Pero en ningún caso esta consellería considera que se está a producir un incumprimento sistemático por parte da empresa adxudicataria das obrigas contractuais.

De feito, se temos en conta a operatividade das bases, hai que concluír que a execución do contrato está sendo satisfactoria, cun promedio de operatividade da máis do 94%

Este dato reflicten unha dispoñibilidade das aeronaves moi alta, o cal que non é fácil acadar nun contrato tan complexo, no que as aeronaves son obxecto de continuas revisións e mantementos e no que calquera pequena avaría supón a imposibilidade de voar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:57:46
Nº Registro: 25568
Data envío: 29/11/2021 11:57:46.571

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:57:42

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9317**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de recuperación específico para a pesca artesanal e o marisqueo”**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O plan de reactivación e dinamización do ámbito marítimo-pesqueiro, denominado Avantemar e dotado de cinco liñas distintas, pretende ser un programa xeral de apoio ao sector ante as importantes perdas acumuladas provocadas pola pandemia da Covid 19. Perdas que, ascenden a 25 millóns de euros en primeira venda, case 60 millóns de euros en perdas inducidas pola falta de actividade e máis de 500 millóns de euros no conxunto da cadea mar-industria.

Por iso, o Executivo galego considerou necesario en 2020 adoptar medidas de maneira urxente para que os profesionais do mar poidan superar as dificultades e volver á normalidade.

O programa de apoios deseñado pola Consellería do Mar, pretendeu atender a todos os sectores e subsectores e fai especial fincapé naqueles profesionais que non se ven beneficiados polas achegas e medidas deseñadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ao amparo da modificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). É o caso das embarcacións que mantiveron a súa actividade durante o estado de alarma para fornecer alimentos á cidadanía a pesar de que a actividade non era rendible.

Ademais dos barcos que paralizaron totalmente a súa actividade durante a crise da covid-19 - que contarán con achegas vía FEMP- o plan Avantemar conta con apoios para aqueles



pesqueiros que seguiron faenando e que sufriron perda de ingresos. Beneficiáronse deles aquelas embarcacións con porto base en Galicia inscritas no rexistro de buques pesqueiros de Galicia que no período comprendido entre o 14 de marzo e o 15 de maio do ano 2020 sufrisen unha caída na facturación superior ao 25% polas vendas efectuadas en lonxas de Galicia en relación á media obtidas no mesmo período dos tres exercicios anteriores.

Esta vía de apoio para a frota que permaneceu activa estivo dotada con máis de 7 millóns de euros, dispostos pola Xunta con fondos propios e a contía mínima a percibir por buque é de 500 euros e a máxima de 40.000 euros.

O plan tamén conta con achegas para as confrarías e entidades xestoras de lonxas que rexistraron perdas debido ao descenso dos seus ingresos durante o período comprendido entre o 14 de marzo e o 14 de maio en relación co mesmo período do ano anterior.

Para estas entidades dispúxose de 600.000 euros procedentes tamén de fondos propios do Executivo autonómico.

Entre os apoios que inclúe Avantemar para os profesionais, destacan os destinados a mariscadores e mariscadoras que pararon temporalmente a súa actividade durante a pandemia debido ao peche da canle HORECA, a súa principal canle comercial, e que non puideron beneficiarse polo cesamento de actividade habilitado tras a declaración do estado de alarma. Para estes profesionais o plan contou con máis de 5 millóns de euros con fondo FEMP asignado a Galicia e con fondos propios. Ademais, para paliar os efectos de inactividade no colectivo de redeiras como consecuencia da covid-19, para este sector poxéronse a disposición apoios con fondos propios por valor de 400.000 euros.

Todas estas medidas e outras destinadas a empresas e profesionais enmárcanse na liña de Avantemar relacionada coa súa dinamización e a solvencia xeral, unha das cinco liñas que comprende esta ferramenta. As outras catro son a relacionada coa sustentabilidade, liquidez e financiamento xeral, onde se enmarca, por exemplo, a flexibilización de taxas; a que ten que ver coa adecuación e sostemento das actividades conexas, a relacionada coa reorientación do



sistema económico-comercial pesqueiro para adecuarse á situación social derivada da pandemia e por último a liña de adecuación e flexibilización administrativa.-

O Plan AVANTEMAR contou con 77 millóns de euros en 2020 para o complexo mar-industria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25607
Data envío: 29/11/2021 15:10:23.563

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 15:10:18

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9677**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosa Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da falla de remuda xeracional no sector pesqueiro, as actuacións levadas a cabo nos últimos dez anos e as que está a desenvolver para paliar, así como a súa opinión respecto da adaptación da formación pesqueira que se está a impartir ás demandas do sector”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería do Mar apóstase por facer atractiva a actividade da cadea mar-industria ás novas xeracións a través da formación e das melloras de habitabilidade a bordo.

Neste senso, nos últimos dez anos saíron dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar máis de 1.700 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras con atribucións para exercer mando en buques de altura.

A media anual de matriculados medrou nun 60% nesta década, de xeito que se pasou dunha media de 301 matriculados entre 2005 e 2009, a 484 entre 2010 e 2020.

Así, dende a consellería do mar trabállase:

Para avanzar na promoción da remuda xeracional, xa que acadar a remuda xeracional e dispor de persoal formado e cualificado é un dos retos fundamentais que hoxe ten o sector marítimo-pesqueiro, especialmente na pesca de altura, tendo varias vías de traballo abertas para conseguir superalo.



En particular, séguese traballando por achegar a labor das escolas ao sector e por adecuar a formación ás súas necesidades, cuestión apoiada nos orzamentos:

As contías asignadas á formación medraron nun 4,2% para 2020, o que fai que esta liña de actuación vexa incrementados os seus fondos nun 38% na pasada lexislatura.

Ademais, co maior orzamento dos últimos 10 anos, acometeranse novos proxectos que revaliden experiencias positivas coma a FP dual posta en marcha na Escola Náutica de Vigo e atenderase toda a demanda, de forma progresiva, sempre co obxectivo de seguir sumando novos titulados.

O obxectivo 2020-2024 é mellorar a habitabilidade e a seguridade dos barcos e a renovación da frota como condicións de mellora das condicións laborais imprescindibles para garantir o relevo xeracional no sector pesqueiro.

Aumentar o número de tripulantes dos barcos pesqueiros, afianzar a entrega de novos permex para o marisqueo son feitos que deben levarnos a redobrar a aposta, e na que dende a Consellería do Mar están a traballar desde hai tempo para asentar os alicerces.

Mellorar os barcos para axeitar as súas habilitacións e seguridade, así como traballar na conectividade con terra, son cuestión fundamentais.

Para adecuar os barcos, é precisa a renovación da frota para estes casos con axudas públicas do novo FEMPA. Pero ter barcos novos e adecuados non tería sentido sen ter o persoal formado e coa capacitación para facelos rendibles e competitivos.

De aí que dende a Consellería do Mar se promova a extensión dos programas de FP dual aos centros de Ribeira e IGafa, coa inclusión progresiva de novos proxectos en todos os ciclos e aumento dos alumnos e alumnas matriculados nos mesmos baixo esta fórmula.

Toda esta aposta ha de recollerse en detalle na redacción dun Ditame sobre a reforma da PCP a iniciar de cara a 2022 con propostas e demandas no eido social para conseguir esa axeitada



remuda xeracional e un nivel digno de vida e ingresos.

O executivo galego segue a traballar para facer máis atractivo o sector pesqueiro para as novas xeracións con medidas como a petición de axudas europeas para a renovación da frota que permitan mellorar a habitabilidade e as condicións de traballo a bordo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:44:30
Nº Rexistro: 25504
Data envío: 26/11/2021 13:44:30.045

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:44:26

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **9825**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, co fin de exercer de xeito exclusivo as súas competencias en materia de pesca, así como do impulso e reforzo dos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusivas en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, e de desenvolvemento e execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro, de conformidade co disposto nos artigos 27.15º e 28.5º, respectivamente, do Estatuto de autonomía de Galicia; inherentes a esas competencias están as de inspección e sanción, a tenor do disposto no seu artigo 37.3º.

Co propósito de asegurar o mantemento e desenvolvemento dos recursos pesqueiros do caladoiro nacional e o cumprimento da lexislación nacional e dos compromisos internacionais asumidos por España, o Ministerio do Interior e o de Agricultura, Pesca e Alimentación subscribiron, o 12 de novembro de 1997, un acordo marco sobre a inspección e vixilancia das actividades de pesca marítima.

Informar que moitas veces a actividade pesqueira e marisqueira ilegal ven asociada a episodios violentos e grupos organizados, polo que o traballo da Garda Civil ten vital importancia e, ademáis lembrar que para realizar controis en estradas e outros puntos é necesaria a participación da Garda Civil e sinalar a importancia dos Programas Anuais de Control Integral de Actividades Pesqueiras (PACIAP), que permite unha coordinación moi importante para o control de produtos do mar extraídos e comercializados ilegalmente.

Dende o Goberno galego consideramos importante lembrar o as especificidades que teñen



cada un dos tres corpos, debemos ter en conta que existen controis de buques que deben ser realizados por corpos con competencias para augas internacionais ou con capacidade para actuar en buques doutras bandeiras, e que existen actividade pesqueiras e marisqueiras ilegais ligadas a actividades violentas que deben ser atacadas, como xa se comentou con anterioridade.

Consideramos que o máis importante xa non é o número de corpos, senón que todos eles estean perfectamente coordinados e cabe destacar o exemplo do bo traballo conxunto que se desenvolve coa participación permanente e continua de efectivos da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, participación que non se limitou ás funcións do servizo de protección de recursos, senón que exerceu, ademais, aquelas propias do Corpo Nacional de Policía que exceden o ámbito estritamente administrativo. Lembrar que Galicia posúe, amais, normas propias, concretamente a Lei 2/2004, do 21 de abril, no seu artigo 2º polo que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, que regula os principios básicos de actuación do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Consideramos importante resaltar o pulo que o Goberno galego da ao orzamento de Gardacostas para 2021, afianzando as liñas de suba que tamén se veñen dando nos últimos anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25513
Data envío: 26/11/2021 14:48:47.248

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 14:48:43

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10335**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai implementar a Xunta de Galicia para paliar a situación en que se atopa a frota galega do palangre de superficie, e as actuacións previstas para evitar a súa creba”**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego xa advertiu en decembro de 2019 ao Executivo estatal dos prexuízos da decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica de establecer pola súa conta unhas cantidades de captura de marraxo distintas e inferiores ás recomendadas no seu momento polo ICCAT para a axeitada xestión da especie.

Puxo de manifesto a descoordinación entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e Transición Ecolóxica e Reto Demográfico sobre a comercialización desta especie e demandou unha solución urxente para que se puidese comercializar aquilo que xa foi capturado, sen causar prexuízos á frota, xa de por si castigada pola crise da covid-19.

Esta decisión do Ministerio para a Transición Ecolóxica levou a que por primeira vez se paralizase a pesqueira desta especie, deixando parte das capturas paralizadas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España.

Así, e dende o minuto 1, a preocupación do Goberno galego foi máxima ante a situación de bloqueo da comercialización do marraxo, xa que prexudica seriamente aos barcos galegos de pesca de palangre de superficie e, dende o minuto 1, púxose a traballar de man do sector para lograr unha solución. Así:

- En febreiro de 2020, e dándolle continuidade ás xestións realizadas en decembro de 2019, a conselleira do Mar demandou da SEGEPESCA a axilización da emisión de certificados de



exportación CITES para poder dispoñer do marraxo que viña acumulando nas cámaras frigoríficas.

- En xullo de 2020, A Conselleira do Mar volveu demandar unha solución para esta situación mediante unha carta remitida á SEGEPESCA.

- En setembro de 2020, o Presidente da Xunta remitiu unha carta á Vicepresidenta Cuarta e Ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno de España, sinalando a importancia do problema e a necesidade de obter unha solución equilibrada. Unha carta á que non deu resposta.

É un asunto que o Executivo galego reiterou en distintas ocasións á Administración central, entre elas o presidente do Goberno galego, outra vez, na visita do ministro de agricultura, pesca e alimentación, Luis Planas, a Galicia o 15 de xaneiro de 2021 e coa vicepresidenta cuarta e ministra de Transición Ecolóxica en febreiro de 2021

Por todo o anterior o Goberno galego solicitou ao goberno do estado:

- Axilizar, canto antes, a modificación dos criterios de establecemento das cotas para o marraxo determinados polo MITERD, axustándose ás recomendacións da ICCAT e a emisión de certificado de exportación CITES para poder dispoñer do marraxo que vén acumulando nas cámaras frigoríficas.

- Xestionar axudas (engadidas) para a frota afectada, vista a forte implicación que tiveron as medidas adoptadas para a prevención do COVID e o impacto destas na súa cadea loxística e comercial.

- Ampliar as negociacións para que se poida estender ás partes contratantes de ICCAT e outras ORP similares, as medidas de loita contra o finning que regulan a actividade da frota europea de palangre de superficie.



En febreiro de 2021 a conselleira do Mar, mantivo unha xuntanza de traballo cos representantes da frota de palangre galega e coas empresas transformadoras dependentes dela e, as partes coincidiron na necesidade de que o Goberno central ofrezca unha solución urxente ao bloqueo que está a sufrir a comercialización do marraxo, deixando capturas retidas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España, o que pon en risco a rendibilidade do sector.

Os representantes dos armadores, das empresas transformadoras e do Executivo galego lamentaron a falla de coordinación existente entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Vicepresidencia de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico pola que o sector non pode comercializar as capturas realizadas correctamente en aplicación dos totais admisibles de captura (TAC) e cotas autorizados pola Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (Iccat).

Así a Comisión 8ª, pesca e marisqueo, na súa sesión do 16 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo: aprobación por unanimidade sen modificacións:

'O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite ao goberno de España que dea unha solución urxente ao bloqueo actual da comercialización das capturas de marraxo',

O 3 de marzo de 2021, en resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo eurodeputado popular e membro da Comisión de Pesca, Francisco Millán Mon, o Comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevičius, sinala que 'a prohibición de retención total non contribuiría substancialmente á conservación desta especie, e ademais sería contraria á política pesqueira común da Unión e prexudicaría a todas as frotas implicadas'. A Comisión engade que, en consecuencia, a Unión Europea é partidaria de 'permitir, en determinadas circunstancias, a retención e a venda de marraxo dientuso capturado morto'.

Ademais o 1 de abril de 2021 a conselleira do Mar mantivo un encontro por videoconferencia con distintos representantes da frota de palangre de superficie de Galicia no que lles trasladou as conclusións dun informe xurídico encargado pola Xunta de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela sobre o actual bloqueo do goberno central á comercialización do



marraxo.

O ditame determina que o veto á importación desta especie, decretado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, constitúe unha 'decisión arbitraria e contraria ao ordenamento xurídico', polo que pode recorrerse por vía administrativa ou contencioso-administrativa.

O informe exposto ao sector incide ademais en que, acreditando que esa actuación administrativa arbitraria derivou en danos económicos á frota, existe a posibilidade de que os afectados reclamen unha responsabilidade patrimonial -danos e prexuízos- á Administración Xeral do Estado pola súa actuación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 13:34:56
Nº Rexistro: 25496
Data envío: 26/11/2021 13:34:56.576

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 13:34:49

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 10867, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a valoración que fai o Goberno galego do novo protocolo de pesca entre a Unión Europea e Senegal e a incidencia que vai ter nos barcos galegos”, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A principios do mes de novembro de 2020 o pleno do Parlamento Europeo aprobou o protocolo pesqueiro da UE e Senegal, que dá acceso ás augas do país africano a buques de España, Francia e Portugal para a pesca de principalmente de atún e tamén de pescada negra durante un período de cinco anos.

Deste xeito, un total de 28 atuneiros cerqueiros conxeladores, dez cañeiros e cinco palangreiros de España, Portugal e Francia poderán pescar ata 10.000 toneladas ao ano de atún e dous arrasteiros españois poderán realizar capturas ata 1.750 toneladas de pescada negra anuais. A contribución que a UE pagará a Senegal ascenderá a 1,7 millóns de euros ao ano.

Un total de cinco buques galegos faenan en augas de Senegal, tres palangreiros de superficie que capturan peixe espada e túnidos e dous arrasteiros de pescada negra.

A UE e Senegal asinaron o seu primeiro convenio de pesca en 1979, un acordo mixto que se aplicou ata 2006 e no que se daba acceso aos buques europeos a unha ampla gama de recursos.

En 2014, o documento transformouse nun acordo centrado na pesca de atún e, en menor medida, de pescada negra. Este texto garantía 38 licenzas, case a metade para atuneiros



españóis, a cambio dunha compensación de 8,69 millóns de euros a pagar durante os seus cinco anos de duración.

A Consellería do Mar considerou positivo que a Eurocámara dese luz verde ao acordo dado que garante o desenvolvemento normal da actividade pesqueira da frota española na zona. Tamén resaltou que permite manter as boas relacións entre a UE e o país africano desde 2014, cando se puxo fin a un longo período de tempo sen acordo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25605
Data envío: 29/11/2021 15:05:53.079

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 15:05:44

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 11285, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás inspeccións realizadas pola Consellería de Política Social na Residencia Nosa Señora da Esperanza, en Ourense, nos anos 2017, 2018 e 2019, así como ás probas PCR realizadas ás persoas residentes e traballadoras do centro nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2020”**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase de que non hai procedementos xudiciais a raíz das actas de inspección.

Nos anos 2017, 2018 e 2019 a Consellería de Política Social levou a cabo as seguintes inspeccións na residencia Nosa Señora da Esperanza en Ourense:

ANO	Nº INSPECCIÓN
2017	1
2018	0
2019	0

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25737
Data envío: 01/12/2021 14:54:52.781

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/12/2021 14:54:48

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11287**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás inspeccións realizadas pola Consellería de Política Social na Residencia San Carlos, en Celanova, nos anos 2017, 2018 e 2019, así como ás probas PCR realizadas ás persoas residentes e traballadoras do centro nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2020”**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase de que non hai procedementos xudiciais a raíz das actas de inspección.

Nos anos 2017, 2018 e 2019 a Consellería de Política Social levou a cabo as seguintes inspeccións na residencia San Carlos en Celanova:

ANO	Nº INSPECCIÓN
2017	0
2018	1
2019	1

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25736
Data envío: 01/12/2021 14:54:43.968

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/12/2021 14:54:40

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 11289, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás inspeccións realizadas pola Consellería de Política Social na Residencia Nosa Señora do Viso, en Lobeira (Ourense) nos anos 2017, 2018 e 2019, así como ás probas PCR realizadas ás persoas residentes e traballadoras do centro nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2020”**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase de que non hai procedementos xudiciais a raíz das actas de inspección.

Nos anos 2017, 2018 e 2019 a Consellería de Política Social levou a cabo as seguintes inspeccións na residencia Nosa Señora do Viso en Lobeira:

ANO	Nº INSPECCIÓNS
2017	0
2018	1
2019	0

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25735
Data envío: 01/12/2021 14:54:36.265

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/12/2021 14:54:33

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 11291, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás inspeccións realizadas pola Consellería de Política Social na Residencia Nosa Señora dos Milagres, en Barbadás (Ourense), nos anos 2017, 2018 e 2019, así como ás probas PCR realizadas ás persoas residentes e traballadoras do centro nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2020”**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase de que non hai procedementos xudiciais a raíz das actas de inspección.

Nos anos 2017, 2018 e 2019 a Consellería de Política Social levou a cabo as seguintes inspeccións na residencia Nosa Señora dos Milagres en Barbadás:

ANO	Nº INSPECCIÓN
2017	2
2018	0
2019	1

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25734
Data envío: 01/12/2021 14:54:23.765

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/12/2021 14:54:19

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12024**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as pretensións do Goberno galego de cambiar a data e o lugar da entrega das medallas Emilia Pardo Bazán”**, (publicada no BOPG número 108 do 10 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publica o 31 de maio de 2019 o decreto polo que se crea e regula a Medalla Emilia Pardo Bazán, que ten como obxectivo o recoñecemento público daquelas accións relevantes levadas a cabo en favor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As candidaturas poderán ser propostas directamente por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como calquera Administración pública que considere relevante destacar o labor doutras persoas, entidades, ou institucións.

A distinción poderá ser entregada a persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas que, ao longo da súa traxectoria, teñan contribuído á construción dunha sociedade máis igualitaria.

As candidaturas serán avaliadas por unha comisión de valoración, que estará composta por varios representantes da Xunta de todas as consellerías, pola persoa que exerza no momento a Vicepresidencia segunda do Consello Galego das Mulleres en representación das asociacións e federación de mulleres, e pola persoa que exerza o cargo de director/a ou conservador/a da Casa Museo Emilia Pardo Bazán.

A medalla terá un carácter exclusivamente honorífico e dará dereito a un diploma acreditativo, que non leva consigo ningún tipo de dotación económica. Cada ano concederanse ata un



máximo de tres condecoracións, que revestirán forma de medalla cando sexan a título individual, e placa cando se trate de colectivos, entidades ou institucións.

A entrega de medallas realizarase cada ano o 16 de setembro, día de nacemento da escritora galega, nun acto solemne.

A condecoración leva o nome de Emilia Pardo Bazán por tratarse dunha precursora nas ideas acerca dos dereitos das mulleres e o feminismo, por reivindicar a educación e instrución das mulleres como algo fundamental e por incorporar en todas as súas obras ideas sobre a modernización da sociedade e o acceso das mulleres aos mesmos dereitos e oportunidades que os homes.

O Goberno Galego tiña previsto entregar as primeiras Medallas Emilia Pardo Bazán o 16 de setembro de 2019, pero ante o gravísimo acontecemento sucedido en Valga, cun triplo asasinato machista, decídese anular o acto de entrega e pospoñelo, xa que Galicia estaba de loito, tendo lugar o 9 de decembro dese mesmo ano, no que o presidente da Xunta de Galicia entrega as Medallas Emilia Pardo Bazán, a Olga Sotelo, presidenta da Asociación de diagnosticadas e diagnosticados de cancro de mama, a 'Mulleres de seu', para facer visibles os avances en igualdade no rural, unha iniciativa, cuxa presidenta é a vicepresidenta de Cooperativas Lácteas Unidas, Carmen Rodríguez e a presidenta do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, o Presidente da Xunta quixo agradecer a Ángeles Carmona.

No ano 2020, por mor da pandemia que asolou o mundo, non se puido convocar o premio antes do 16 de setembro, tal e como recolle o decreto de creación das Medallas, así pois, informado o Consello da Xunta o 19 de decembro de 2020, da deliberación da Comisión de Valoración, que debe ser presencial, e que polas circunstancias sanitarias non se puido convocar con anterioridade, e que recoñece o labor de Megumi Shiozawa —a título póstumo—, á Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) e á Asociación Rede Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, acórdase o acto para o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, sendo coincidente ca data do 8 de marzo de 1910, no que se aprobou



unha Real Orde que autorizaba por igual a matrícula de alumnos e alumnas para acceder a Ensinanza Superior, sendo Emilia Pardo Bazán Conselleira de Instrución Pública. Así pois, finalmente e tendo en conta as recomendacións e circunstancias sanitarias, celebrouse na sala Emilia Pardo Bazán, da antiga Fábrica de Tabacos, actual sede da Audiencia Provincial da Coruña”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25682
Data envío: 30/11/2021 14:28:12.721

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:28:09

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12025**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as pretensións do Goberno galego de cambiar a data e o lugar da entrega das medallas Emilia Pardo Bazán”**, (publicada no BOPG número 108 do 10 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publica o 31 de maio de 2019 o decreto polo que se crea e regula a Medalla Emilia Pardo Bazán, que ten como obxectivo o recoñecemento público daquelas accións relevantes levadas a cabo en favor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As candidaturas poderán ser propostas directamente por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como calquera Administración pública que considere relevante destacar o labor doutras persoas, entidades, ou institucións.

A distinción poderá ser entregada a persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas que, ao longo da súa traxectoria, teñan contribuído á construción dunha sociedade máis igualitaria.

As candidaturas serán avaliadas por unha comisión de valoración, que estará composta por varios representantes da Xunta de todas as consellerías, pola persoa que exerza no momento a Vicepresidencia segunda do Consello Galego das Mulleres en representación das asociacións e federación de mulleres, e pola persoa que exerza o cargo de director/a ou conservador/a da Casa Museo Emilia Pardo Bazán.

A medalla terá un carácter exclusivamente honorífico e dará dereito a un diploma acreditativo, que non leva consigo ningún tipo de dotación económica. Cada ano concederanse ata un



máximo de tres condecoracións, que revestirán forma de medalla cando sexan a título individual, e placa cando se trate de colectivos, entidades ou institucións.

A entrega de medallas realizarase cada ano o 16 de setembro, día de nacemento da escritora galega, nun acto solemne.

A condecoración leva o nome de Emilia Pardo Bazán por tratarse dunha precursora nas ideas acerca dos dereitos das mulleres e o feminismo, por reivindicar a educación e instrución das mulleres como algo fundamental e por incorporar en todas as súas obras ideas sobre a modernización da sociedade e o acceso das mulleres aos mesmos dereitos e oportunidades que os homes.

O Goberno Galego tiña previsto entregar as primeiras Medallas Emilia Pardo Bazán o 16 de setembro de 2019, pero ante o gravísimo acontecemento sucedido en Valga, cun triplo asasinato machista, decídese anular o acto de entrega e pospoñelo, xa que Galicia estaba de loito, tendo lugar o 9 de decembro dese mesmo ano, no que o presidente da Xunta de Galicia entrega as Medallas Emilia Pardo Bazán, a Olga Sotelo, presidenta da Asociación de diagnosticadas e diagnosticados de cancro de mama, a 'Mulleres de seu', para facer visibles os avances en igualdade no rural, unha iniciativa, cuxa presidenta é a vicepresidenta de Cooperativas Lácteas Unidas, Carmen Rodríguez e a presidenta do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, o Presidente da Xunta quixo agradecer a Ángeles Carmona.

No ano 2020, por mor da pandemia que asolou o mundo, non se puido convocar o premio antes do 16 de setembro, tal e como recolle o decreto de creación das Medallas, así pois, informado o Consello da Xunta o 19 de decembro de 2020, da deliberación da Comisión de Valoración, que debe ser presencial, e que polas circunstancias sanitarias non se puido convocar con anterioridade, e que recoñece o labor de Megumi Shiozawa —a título póstumo—, á Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) e á Asociación Rede Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, acórdase o acto para o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, sendo coincidente ca data do 8 de marzo de 1910, no que se aprobou



unha Real Orde que autorizaba por igual a matrícula de alumnos e alumnas para acceder a Ensinanza Superior, sendo Emilia Pardo Bazán Conselleira de Instrución Pública. Así pois, finalmente e tendo en conta as recomendacións e circunstancias sanitarias, celebrouse na sala Emilia Pardo Bazán, da antiga Fábrica de Tabacos, actual sede da Audiencia Provincial da Coruña”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25681
Data envío: 30/11/2021 14:28:05.049

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:28:01

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12587**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2021 da modificación da bocana, da dragaxe e da ampliación dos servizos do porto de Tupide, en Foz”**, (publicada no BOPG número 112 do 17 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A presidenta de Portos de Galicia estivo reunida o 18 de novembro de 2019 con representantes da asociación Ribeira da Foz (Asociación para a defensa dos intereses dos usuarios e propietarios de embarcacións recreativas e de lecer sitas nas zonas portuarias de uso náutico recreativo en Foz) quen lle trasladaron as súas inquietudes e circunstancia actual de ambas as dársenas de Foz. O último dragado na dársena interior de Foz tivo lugar en 2018 cun orzamento de 410.000 €, o resultado destes traballos, ademais da colocación de máis pantaláns, segundo lle manifestaron foi moi satisfactorio para os usuarios, con todo xa lle trasladaron xa se está colmatando nalgúns puntos, consecuencia isto das características da canle de acceso ao porto, un elemento vivo integrado nun complexo sistema hidrodinámico que fai especialmente difícil o mantemento das condicións de calado.

Facer constar que futuras actuacións encamiñadas a mellorar as instalacións de dragaxe da canle e/ou abrigo no porto de Foz están condicionadas por:

Unha gran repercusión medio ambiental xa que a zona é Rede Natura de Galicia e está caracterizada como:

ZEC: Zona de Especial Conservación

ZEPA: Zona de especial Protección para as Aves

ZEPVN: Zona de especial protección dos Valores naturais

O anterior, fai especialmente complexa a tramitación completa do expediente no que interveñen



distintas administracións e que recolle o seguinte:

Redacción de documento ambiental

Información pública

Consulta a outras administracións en materia de medio ambiente, saúde pública, augas de Galicia, patrimonio natural, dominio público hidráulico marítimo terrestre, costas...

Tramitación do expediente

Redacción de proxecto construtivo

Licitación e contratación das obras

Execución das obras condicionada pola DIA (documento de IA) que xeralmente acota os meses de execución dos traballos.

O importe definitivo das obras relativas á dragaxe da dársena de Porto Chico poderase establecer coa elaboración do proxecto de dragaxe. E o prazo do mesmo virá marcado polo trámite administrativo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 10:29:29
Nº Rexistro: 25639
Data envío: 30/11/2021 10:29:29.721

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 10:29:26

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12590**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“o recorte que presenta para o ano 2021 a partida orzamentaria de transferencias correntes ás universidades públicas para actuacións de prevención da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 112 do 17 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Dentro das medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero, incluídas á súa vez no ámbito da prevención da violencia de xénero, de acordo co capítulo II do título I da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, lévanse a cabo accións de promoción de formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario. Para o desenvolvemento destas accións, nos anos 2018, 2019, 2020 e 2021 asináronse convenios de colaboración coas Universidades Galegas, financiados con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Mediante o Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, aprobáronse as medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e mediante a Resolución do 3 de agosto de 2018, da Secretaría de Estado de Igualdade, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 3 de agosto de 2018, polo que se formalizaron os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2018 do crédito de 100.000.000€ para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. De acordo con esta resolución, no ano 2018 correspondéronlle a Galicia un total de 8.027.342,48€ do Pacto de Estado. A transferencia deses fondos á Comunidade Autónoma de Galicia non se fixo efectiva ata o mes de setembro de 2018, polo que, ao amparo do previsto na disposición adicional única do Real Decreto-lei 9/2018, os remanentes non comprometidos resultantes ao remate do exercicio orzamentario de 2018 correspondentes ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero incorporáronse ao orzamento de 2019.

Como consecuencia desta operación contable, resultado de aplicar as regras orzamentarias



establecidas a nivel estatal para a xestión dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, no ano 2019 incrementáronse os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para a loita da violencia de xénero, sumándose á contía que lle correspondeu a Galicia para o 2019 (7.989.984,9€), os remanentes non comprometidos de 2018, o que deu lugar, á súa vez, a que no exercicio orzamentario de 2019 os convenios de colaboración coas universidades galegas viran case duplicado o seu importe, -que ascendeu ao total de 300.000€-, froito de sumarlle ao orzamento inicialmente previsto para o ano 2019 os remanentes non comprometidos do ano 2018. Estes convenios de colaboración mantivéronse durante os anos 2020 e 2021, pola contía total de 120.000€ para cada ano, financiándose igualmente con cargo aos fondos do Pacto de Estado para a violencia de xénero que lle corresponderon a Galicia para o ano 2020 (7.939.202,9€) e 2021 (7.879.380,52€), respectivamente. Neste senso cómpre sinalar que, a pesar de que os fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se transfiren a Galicia diminúen cada ano, non obstante, mantéñense inalterables os importes que se transfiren ás universidades galegas a través dos indicados convenios.

Por último, froito da constante colaboración entre as universidades galegas e a Xunta de Galicia, tanto as contías asignadas como as accións a desenvolver son previamente acordadas e consensuadas coas tres universidades, estando a administración autonómica plenamente satisfeita co resultado desta colaboración, tal e como demostra o feito de que estes convenios sigan renovándose anualmente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25679
Data envío: 30/11/2021 14:27:48.815

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:27:45

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13548**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa violencia sexual e, en particular, no referido ao concello de Sarria”**, (publicada no BOPG número 119 do 5 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a violencia sexual e os abusos sexuais constitúen unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as persoas vítimas de violencia sexual e abusos sexuais teñen a condición de vítimas de violencia de xénero.

Ao amparo deste marco legislativo, e como parte dos traballos realizados polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero (GT4.- Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual), estudouse, en colaboración co partido xudicial de Santiago de Compostela, a posibilidade de elaborar un protocolo de actuación ante delitos de violencia sexual, que sería de aplicación no ámbito xudicial.

Consciente da singularidade da violencia sexual e dos abusos sexuais como unha forma específica de violencia de xénero, dentro da macroenquisa sobre a percepción da violencia de xénero en Galicia, presentada en novembro de 2020, dedicouse un apartado específico á violencia sexual, cuxos resultados revelan que, en relación aos motivos que a cidadanía considera como desencadeamento da violencia sexual, o maior grao de acordo (todos por enriba do 80%) maniféstase co ‘machismo imperante na sociedade’, os ‘problemas



psicolóxicos ou mentais dos agresores', a 'falta de autocontrol do agresor' e o 'abuso de alcohol e drogas' dos agresores. Menor consideración obteñen os que se poden definir como motivos vinculados directamente ao comportamento sexual.

Polo tanto, o Goberno galego continúa a achegar esforzos e recursos para darlle unha atención específica e especializada ás vítimas de delitos sexuais. Neste senso, no eido da atención ás vítimas de violencia sexual, ademais de seguir operativo o Servizo de apoio psicolóxico a vítimas de violencia sexual, priorizando o mantemento e o contacto permanente con todas as usuarias, tamén se manteñen todos os programas específicos destinados á súa atención, como o Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade.

Estes programas complementáanse co desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención, así como de atención e apoio a vítimas de violencia sexual e trata, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata.

Compre sinalar tamén a posta en funcionamento da App 'Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual', unha App da Xunta de Galicia desenvolta en colaboración co Colexio de Enxeñería de Galicia, con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información, que inclúe un decálogo contra a violencia sexual e un directorio, así como teléfonos e información.

O concello de Sarria está adherido dende o ano 2012 á Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, promovida desde a Secretaría Xeral da Igualdade, e que ten como cometidos principais establecer medidas preventivas contra a violencia e detectar posibles situacións de risco. De acordo co Informe de Activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, consta que o Concello de Sarria tiña constituída a Mesa Local de Coordinación Institucional contra a Violencia de Xénero.

Coa finalidade de activar as Mesas Locais de Coordinación Institucional contra a Violencia de



Xénero, que son un mecanismo de harmonización dos recursos e entidades locais, no ano 2018 a Secretaría Xeral da Igualdade elaborou e difundiu o Manual de dinamización para as Mesas Locais de Coordinación Institucional contra a Violencia se Xénero (MLC). O citado Manual da continuade á Guía Práctica para a constitución das Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero, elaborada en 2015 como ferramenta de apoio para contribuír á mellora da coordinación entre todas as institucións que traballan en contra da violencia machista. En 2017, logo dunha fase de análise e diagnose, entrouse nunha fase de contraste, definindo pautas e ferramentas para mellorar a coordinación das Mesas, e deseñando recomendacións para unha mellor optimización deste recurso nas entidades locais. Desenvolvéronse encontros nas catro provincias, dirixidos a responsables políticos e persoal técnico municipal e deles xurdiron propostas relativas a recomendacións para as políticas públicas en materia de igualdade de xénero, sempre co fin de seguir avanzando na colaboración interinstitucional na loita contra a violencia machista. Así e raíz do traballo desenvolvido nos anos anteriores, no ano 2018 a Secretaría Xeral da Igualdade elaborou e difundiu o mencionado Manual de dinamización das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, como complemento á guía editada no 2015, coa finalidade de apoiar e dinamizar as mesas e facilitar a súa operatividade co propósito de acadar os seguintes compromisos:

- Dotar as mesas de mecanismos e dinámicas de traballo facilitadoras da planificación que permita cumprir os obxectivos para os que foron definidas (orientación a obxectivos específicos, medidas e accións que se van desenvolver, recursos que se van empregar, avaliación e seguimento do seu funcionamento).
- Facilitar novas dinámica de traballo colaborativas dirixidas ao intercambio de coñecementos e experiencias entre axentes e administracións de cara á xeración de novas iniciativas e actividades ao redor das mesas.
- Incrementar o grao e a efectividade da coordinación interinstitucional que contribúa a mellorar a prevención e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.



- Acadar unha maior implicación, participación e colaboración de todos axentes e instancias na prevención e detección precoz de casos de violencia de xénero.

Respecto ao reforzo do CIM de Sarria, tal e como se indica a continuación, este é un recurso de titularidade municipal. O CIM deste concello foi creado no ano 2005 e a súa área de influencia é de ámbito comarcal, xa que ao amparo do previsto no Decreto 130/2016, asinou un convenio de colaboración cos concellos de Láncara, O Páramo, Paradela e Samos, vixente dende o ano 2007 para a prestación conxunta do servizo do CIM.

Respecto dos Centros de Información ás Mulleres, sinalar que, de acordo co Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, os CIM son un recurso de titularidade municipal, polo tanto, correspóndelle ás entidades locais (concellos, mancomunidades, etc) a iniciativa da súa creación, sendo competencia da Xunta de Galicia verificar os requisitos para o seu recoñecemento e acreditación. A finais do ano 2020 acreditouse un novo CIM no Concello de O Pereiro de Aguiar e a principios do ano 2021 no Concello de Carballeda de Avia, ambos os dous na provincia de Ourense, pasando a estar constituída a rede de CIM por un total de 84 centros espallados por toda a xeografía galega, con representación nas catro provincias.

Porén, se temos en conta que unha parte dos CIM representan a unha mancomunidade ou a unha agrupación de municipios, conclúese que o número de concellos de Galicia que reciben a prestación dos servizos a través dos CIM é moi superior achegándose a un número total de 191 concellos de Galicia (61% do total de concellos de Galicia). Ademais en termos poboacionais a poboación total do ámbito territorial que abrangue os 84 CIM alcanza unha cifra total de 2.191.658 habitantes, que representa o 81% da poboación total.

Neste eido, o Goberno autonómico mantén un programa de apoio aos CIM, mediante unha convocatoria anual de axudas para estes centros. No orzamento do ano 2020 convocáronse axudas para os CIM por un importe total de 4.836.766€ e no ano orzamento do 2021 o importe



da convocatoria ascendeu a 4.959.894€, o cal amosa o compromiso do goberno autonómico no apoio ás entidades locais na prevención e loita contra a violencia de xénero, contribuíndo así ao financiamento e sostemento dos CIM como recurso de titularidade municipal.

De acordo co Informe de Activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, realizado no 2017 e que está en proceso de actualización no ano 2021, o 35,6% das entidades locais que pertencen á Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero (formada por un total de 163 concellos e mancomunidades) teñen constituída a Mesa Local de Coordinación Institucional contra a Violencia de Xénero, o que supón un total de 58 entidades. Hai que indicar que 6 concellos da Rede están asociados á mesa mancomunada.

Dentro dos colectivos e persoas que forman parte das Mesas, ademais dos postos formais relacionados coa Presidencia e Secretaría, nos que consta para todas, destaca a presenza de persoas relacionadas coa concellería competente, os corpos de seguridade e policía local e o CIM, persoas relacionadas cos centros de atención primaria, centros educativos e outros (principalmente persoas dos xulgados, representantes dos gobernos central e autonómico, colectivos profesionais e/ou representantes de institucións supralocais).

Case o 60% das Mesas constituídas, o que supón un total de 34 Mesas, tiveron unha actividade continuada desde a súa constitución. Os labores de coordinación de actuacións contra a violencia de xénero a nivel local é a principal actividade desenvolvida polas Mesas Locais que funcionaron con normalidade. Nun segundo nivel sitúanse as actividades de sensibilización e prevención, así como as de atención ás vítimas de violencia de xénero. Nun terceiro nivel situaríanse a atención a casos de alto risco, a avaliación de datos sobre a situación da violencia de xénero ou as accións de detección precoz.

A avaliación de campañas específicas ten unha presenza marxinal dentro das actividades desenvolvidas polas Mesas. No referido ao seguimento destes instrumentos, ademais da realización de estudos analíticos como o realizado no ano 2017 e que está en proceso de actualización, tamén se realizan reunións de seguimento e coordinación a nivel provincial,



contando coa asistencia das persoas titulares das xefaturas territoriais en representación da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 12:39:42
Nº Rexistro: 25662
Data envío: 30/11/2021 12:39:42.221

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 12:39:38

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14083**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do novo Regulamento de Control da Pesca aprobado polo Parlamento Europeo e das medidas que establece en relación coa pesca artesanal de Galicia, así como sobre o seu posible impacto para o sector marisqueiro, e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de marzo o Pleno do Parlamento Europeo adoptaba a súa posición sobre a reforma do Regulamento de Control, traballando sobre a proposta da Comisión Europea, ao, supostamente, modernizar as medidas de control e execución sen penalizar nin crear excesiva burocracia ao sector.

Nestes meses levaranse a cabo negociacións do Parlamento Europeo coa Comisión Europea e o Consello de Ministros (Estados membros) nos chamados trílogos, tras os que se tomará unha decisión definitiva e se determinará o texto final.

Esto implica que cabe seguir traballando para mellorar o texto e facer que se adecúe ás circunstancias da frota costeira artesanal.

A Consellería do Mar segue traballando e así:

O día 25 de marzo mantivo unha xuntanza coa Directora General de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea para:

Demandar da Comisión Europea unha postura en pro da flexibilización das medidas sinaladas, habida conta das específicas circunstancias que atinxen á nosa frota costeira artesanal.

Rectificar a petición formulada pola Comisión Europea aos eurodeputados/as para que



reorientasen a pretendida flexibilidade e certos aspectos do texto votado polo Parlamento Europeo.

O día 13 de abril mantivo unha xuntanza co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo para:

Expresar e lamentar a rigorosidade do anteproxecto de regulamento europeo de control da pesca pois castiga un labor que xa está ben controlado ao desenvolverse preto da costa.

Manifestar a preocupación e o descontento xerado pola recente aprobación na Eurocámara desta proposta normativa.

Advertir de que medidas introducidas na normativa -como a instalación de cámaras a bordo, a xeolocalización ou o rexistro dixital das declaracións de desembarque- apenas supoñen melloras para o control da actividade e, en cambio, dificultan en gran medida o labor diario dos profesionais do mar, desde a frota de baixura ata o marisqueo.

A conselleira do Mar aposta por mellorar o texto durante o proceso de negociación no marco dos trílogos -os debates entre a Comisión Europea, a Eurocámara e o Consello Europeo- para deseñar un regulamento de control máis adaptado á realidade da frota e que non castigue ao sector.

O presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, trasladou que a prioridade da Eurocámara é seguir traballando para deseñar unha normativa que se adapte perfectamente ás diferentes realidades do sector e ás súas necesidades.

O día 3 de maio a conselleira do Mar mantiña unha xuntanza por videoconferencia co Ministro do Mar de Portugal, como Presidente de turno do Consello de Ministros de Pesca da UE para facer fincapé nestes asuntos e demandar flexibilidade.

Polo tanto, a conselleira do Mar e o sector xa se reuniron coas tres partes dos trílogos para



demandar flexibilidade e poñer sobre a mesa as circunstancias e demandas da nosa frota”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25510
Data envío: 26/11/2021 14:48:23.263

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2021 14:48:19

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14486**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do nivel de produción das zonas de libre marisqueo da ría de Arousa e as decisións previstas para a súa mellora”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os bancos marisqueiros de Lombos de Ulla, O Boído e Cabío da ría de Arousa conforman unha unidade de xestión na que desenvolven a súa actividade todas as embarcacións con base nalgún porto da ría de Arousa que teñen a modalidade de marisqueo (Z3) ou libre marisqueo (Z3) no seu permiso de explotación.

Lombos do Ulla, O Boído e Cabío son bancos marisqueiros que ata a actualidade foron explotados conformando unha unidade de xestión, e os datos científicos das mostraxes e o seguimento dos mesmos atenden a esta unidade.

A xestión dos bancos mencionados mediante plan de xestión xurde da necesidade de levar a cabo un novo modelo de explotación para o libre marisqueo.

Este modelo foi abordado en diversas reunións co sector dende o ano 2015, e tras un proceso en que as entidades estudaron a conveniencia de traballar mediante plans específicos para zonas de libre marisqueo, sen ter que someterse ás as condicións xerais establecidas para as zonas de libre marisqueo.

No ano 2018 diversas entidades presentaron plan de xestión con estes bancos para a súa aprobación no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de 2019, e do mesmo xeito no ano 2020 presentáronse distintas propostas para a súa inclusión no Plan Xeral do trienio 2021-2023.

Dende a aprobación do plan de xestión estanse a aplicar medidas de conservación, como é o



establecemento de labores de control da explotación que actualmente están dixitalizadas, o desenvolvemento de actividades de semicultivo e ademais dispónse de persoal específico, tanto técnico como gardapescas, para o seguimento da explotación e obtención de datos para unha correcta xestión dos recursos.

Dende o ano 2019 os bancos marisqueiros de Lombos do Ulla, O Boído e Cabío, estanse a explotar mediante un plan específico de xestión aprobado á Asociación de Rañeiras/os da Ría de Arousa.

Este ano a conselleira do Mar mantíña dúas xuntanzas (23 de xaneiro e o 8 de marzo) co Presidente da Asociación de Rañeir@s da Ría de Arousa e membros da Xunta Xeral da Asociación de Rañeiros nas que abordaron diversos temas relacionados co plan de libre marisqueo de Lombos do Ulla, O Boído e Cabío que xestiona a asociación.

Para a actividade marisqueira, que se desenvolve tanto mediante plans específicos de xestión, como plans en zonas de autorización, as entidades asociativas contan co apoio do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020.

A Consellería do Mar, no marco do programa FEMP, puxo a disposición das entidades liñas de axudas para proxectos colectivos de conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables. Así entre os anos 2017 e 2020 executáronse 41 proxectos nas confrarías da Ría de Arousa, que suporían un importe total de preto de 1,6 millón de euros (1.584.872,78€), e actuarían sobre unha superficie de case medio millón de metros cadrados (491.375 m²) e ademais incluírían sementeiras de preto de 20 millóns de unidades de ameixa babosa (19.775.031 unidades).

Ademais nos últimos anos a Consellería do Mar ven promovendo diversos proxectos de investigación para o control e mellora da produción marisqueira nas zonas de libre marisqueo da ría de Arousa, así como para aumentar o coñecemento sobre a marteiliose do berberecho, como base para poder mellorar a xestión e evitar os prexudiciais efectos económicos da enfermidade.



Un total de 9 proxectos por un importe total de máis de 1 millón de euros (1.013.986 €)

Estas investigacións desenvólvense a través de accións de investigación de Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), independentemente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións de ámbito nacional ou comunitario.

Durante o ano 2021 esta previsto continuar co seguimento do estado deste banco marisqueiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 12:39:15
Nº Rexistro: 25659
Data envío: 30/11/2021 12:39:15.533

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 12:39:12

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15084**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para que o emprendemento relacionado coa pesca nos concellos do interior poida ter axudas en igualdade de condicións que nos concellos da costa”**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro é unha asociación sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e da normativa de aplicación do Estado e da Comunidade Autónoma.

As EDLP concibidas e postas en práctica polos grupos de acción local do sector pesqueiro son o principal instrumento para o logro da prioridade cuarta da UE de aumentar o emprego e a cohesión territorial mediante o obxectivo específico seguinte: O fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade e á mobilidade laboral nas comunidades pesqueiras e acuícolas, incluíndo a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima.

O GALP é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da EDLP da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten.

O Desenvolvemento Local Participativo (DLP) establécese no título III, capítulo II do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e



da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello.

O desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras e acuícolas establécese nos artigos 58 a 64 do Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2021 11:57:20
Nº Rexistro: 25565
Data envío: 29/11/2021 11:57:20.649

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/11/2021 11:57:17

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **16569**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a situación de discriminación salarial que sofren as mulleres nun centro de traballo dependente dunha administración pública en Lemos e a posibilidade de que ocorra noutros centros**”, (publicada no BOPG número 147 do 2 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Trátase dunha situación competencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social, organismo que ten asignado legalmente o control das relacións laborais, podendo en casos como os descritos, e en suposto de comprobación destes feitos, iniciar os correspondentes expedientes sancionadores e liquidatorios de cotas da Tesourería Xeral da Seguridade Social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 25676
Data envío: 30/11/2021 14:27:25.268

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/11/2021 14:27:21

CSV: BOPGDSPG-a2BxOyIFG-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



